

TRABALLO DE FIN DE GRAO

A viva voz!: proposta didáctica para o fortalecemento da lingua galega nas escolas rurais

¡A viva voz!: propuesta didáctica para el fortalecimiento de la lengua gallega en las escuelas rurales

Outloud!: didactic proposal for the strengthening of the Galician language in rural schools

Autora: Andrea Varela Amado

Dir^a: María Montserrat Muriano Rodríguez

Resumo

O presente Traballo de Fin de Grao ten como obxectivo principal crear unha proposta de normalización e, sobre todo, valorización, da lingua galega en contornos galegofalantes. Para iso, pártese da análise sobre a situación actual do galego, prestando atención aos prexuízos que ocasionan a perda de falantes, especialmente, entre as novas xeracións, o que fai que a lingua corra o risco de desaparecer e, con ela, gran parte da cultura e identidade do pobo galego: o noso patrimonio inmaterial.

Así pois, dende unha perspectiva innovadora, creouse un proxecto destinado ao alumnado de Educación Infantil dun contorno galegofalante rural, que pretende dar á lingua e ao rural o prestixio que merecen. O alumnado, xunto coas súas familias e a veciñanza, serán os protagonistas dunha serie de actividades lúdicas, dinámicas e culturais nas que colaborarán entre todos/as eles/as para aprender e desfrutar do potencial do contorno que os rodea á vez que reivindican que pódese, débese e quérese falar en galego.

Palabras chave: Educación Infantil, ensino-aprendizaxe da lingua galega, normalización, rural, patrimonio inmaterial.

ÍNDICE

1. Introducción	3
2. Obxectivos	5
2.1. Obxectivos xerais do TFG	5
2.2. Obxectivos específicos	5
3. Fundamentación teórica	5
3.1. A situación do galego na actualidade	5
3.2. A lingua galega na lexislación e no sistema educativo	7
3.3. A perda do galego: un problema de todos/as	12
3.4. Razóns alentadoras: o momento do cambio	14
3.5. A voz do rural	18
4. Proposta didáctica	20
4.1. Presentación e xustificación	20
4.2. Contextualización	21
4.3. Temporalización	23
4.4. Obxectivos	23
4.5. Competencias	24
4.6. Contidos	26
4.7. Metodoloxía	27
4.8. Actividades	29
4.8.1. Gorxas bravas que veñen para quedar	29
4.8.2. Hai galego ata na lúa	30
4.8.3. A viva voz	31
4.8.4. Grolíños de vida	32
4.8.5. Feira de oficios	34
4.8.6. Moita vida nas Fragas	35
4.8.7. Augas doces e pan quente	36
4.8.8. Versos e vínculos	37
4.8.9. A pé de campo	38
4.8.10. As nosas raíces	39
4.9. Avaliación	40
5. Conclusións	41
6. Relación de fontes documentais	43
7. Anexos	45

1. **Introdución**

A lingua galega é unha das principais claves da unión do pobo galego, da súa cultura e tradición, xunto coas vivenzas das súas xentes e os trazos que definen esta fermosa terra na que vivimos. Por todo isto, a lingua galega é moito máis ca unha fala e hai que vivila.

Os galegos e galegas debemos sentirnos orgullosos de ter a sorte de medrar nun contexto bilingüe e aproveitar a oportunidade que o noso contorno nos ofrece para aprender, dende que nacemos, dúas linguas: o galego e o castelán. A sociedade, en xeral, parece ser consciente da importancia que ten a adquisición de competencias en linguas e a idea de que aprender idiomas é un valioso recurso para ter máis oportunidades. tanto no ámbito profesional como social, está cada vez máis espallada entre a poboación. Non obstante, malia que tanto o galego coma o castelán están consideradas linguas oficiais no noso país, o galego sofre unha chea de estereotipos e prexuízos que ocasionaron que se convertese na lingua minorizada que é. Esta situación comportou a que o número de galegofalantes diminuíse de xeito asoballante nas últimas décadas, facendo que cada vez se transmita en menor medida ás novas xeracións e, por conseguinte, que xurdan as dúbidas sobre o futuro da nosa lingua.

Con isto, aqueles e aquelas que nos mostramos comprometidos por coidar da lingua e loitar por lograr a súa normalización, debemos evitar pensar nos sendeiros que danan, na xente que despreza o galego, e comezar o avance dende as grandes virtudes que temos nesta terra e coas ferramentas máis valiosas que posuímos, por todos aqueles e aquelas que aman a súa fala, por esas familias que queren dar aos seus fillos e fillas a oportunidade de medrar en galego. Pois, como calquera galego/a sabe, a morriña sempre nos acompaña cando saímos do noso fogar, non hai evidencias de meigas pero habelas-hainas e, cando as cousas se torcen, sacamos a afouteza que herdamos dos nosos maiores de cara engurrada e mans bravas. Debémollo a Galicia, á nosa terra nai, á nosa lingua, á viva voz.

Desta maneira, todos e todas debemos esforzarnos por chegar lonxe, pero sen esquecer de onde vimos. Como sabemos, as aldeas do rural galego son o berce da nosa sociedade, o colo das cantigas, o braseiro das lendas e os contos, a base das aprendizaxes menos estudadas pero máis relevantes, a tradición e as raíces, o alimento das cidades no sentido literal e metafórico á vez, o exemplo dos vínculos máis fortes e fieis, a viva voz da experiencia e da fala, pois é aquí, no rural, onde se salvagarda a lingua galega.

Por iso, é importante prestar atención ás aldeas, valorar a importancia que teñen para toda a nosa sociedade e reivindicar o seu valor e coidado. Estes pequenos núcleos poboacionais, cada vez máis dispersos e avellentados polo ritmo de vida da actualidade, forman os contornos nos que o galego é a lingua vehicular. Así pois, tamén son nos que reside a gran maioría dos

poucos nenos e nenas galegofalantes. Estas aldeas do rural tamén teñen que facer fronte a moitos prexuízos e estereotipos que recaen sobre elas, ao igual ca o fan coa lingua galega, o que moitas veces acaba ocasionando que, malia a resistencia, a súa xente comece a sentirse avergoñada por vir de onde vén e falar o que fala.

Lamentablemente, eu mesma fun o exemplo desa situación, son unha nena do rural, criada entre os prados e montes dunha aldea do rural. Tiven a sorte de medrar nun lugar onde todo o mundo falaba galego e adquirir esta lingua como materna e vehicular na miña familia e no meu contexto social máis próximo. O problema chegou cando comecei na escola nun concello máis urbano no que todos os nenos e nenas, así como os mestres/as, falaban castelán. Tiven a sorte de que a miña familia sempre se mostrou comprometida a continuar falándome en galego, -pois a maioría dos pais e nais eran galegofalantes pero aos seus fillos/as dirixíanse en castelán- sempre utilizaban o galego en todos os contextos, tanto para dirixirse aos mestres/as como aos meus compañeiros/as ou ao resto dos pais. Polo tanto, durante a miña estadía na escola, ninguén se dirixía a min na miña lingua nin atopaba ningún referente no que sentir identificada a miña fala, o que foi facendo que, de xeito case inconsciente, fose deixando a lingua que me criou nas portas da escola.

Co paso dos anos o rexeitamento cara a min mesma polo lugar de onde viña e a lingua que falaba foi aumentando e, malia fascinarme a miña aldea, sentía vergoña porque a xente soubese que vivía no rural e me escoitase falar galego coa miña familia, pois eu mesma adoptei eses prexuízos de pensar que era inferior ca os que vivían no pobo ou falaban castelán.

Con todo o que eu vivín e pola impotencia que me produce pensar que segue habendo unha gran cantidade de nenos/as que pasan por algo así, síntome comprometida por aportar ideas e propostas que axuden a que isto non continúe sucedendo. É preciso demostrar á sociedade a importancia das aldeas galegas e o valor da nosa lingua, que son un tesouro moi valioso e parte do que somos, é preciso volver máis reflexiva e crítica á sociedade coa necesidade de normalizar o uso do galego, defender o respecto e admiración polas nosas raíces e tradicións: as aldeas.

Para que todo isto sexa o máis relevante posible, traballalo dende a etapa de Educación Infantil será fundamental porque evitaremos o problema dende as idades máis temperás, facendo que os nenos e nenas galegofalantes e do rural, se sintan tan orgullosos de onde veñen e do que falan coma os da cidade e, no canto de pechar a boca, que berren en galego ben forte. Ademais, o feito de traballalo dende que os nenos e nenas son pequenos, impulsará actitudes críticas nos futuros cidadáns e cidadás do mañá, co fin de rachar eses prexuízos que tanto afectan, traballando á vez coas súas familias para demostrarlles a realidade, incentivar o seu compromiso por normalizar o galego e defender o rural e, así, transmitirllelo a toda a comunidade en xeral.

Ao longo desta proposta, analízase a situación do galego na actualidade, o marco legislativo que a regula e o seu trato nas escolas, prestando especial atención aos contextos rurais e á perda de nenos e nenas galegofalantes neles. Como resposta a estas necesidades, creouse unha proposta didáctica destinada ao alumnado -e cunha gran influencia das familias- dun centro educativo rural cunha serie de actividades, baseadas nuns contidos e cuns obxectivos precisos.

2. Obxectivos

2.1. Obxectivos xerais do TFG

Como se sinala no Documento marco para a elaboración do TFG (2021-2022), todo Traballo de Fin de Grao debe ter como obxectivos xerais os seguintes:

- a. Integrar as competencias do título de grao.
- b. Demostrar a capacidade de busca, xestión, organización e interpretación da información relevante.
- c. Desenvolver un pensamento de xuízo crítico, lóxico e creativo sobre temas destacados de índole social, científica, tecnolóxica, desenvolvemento sostible e/ou ética.
- d. Demostrar habilidades de comunicación oral e escrita (p. 4).

2.2. Obxectivos específicos

- Analizar a situación actual do galego e o marco legislativo que o ampara.
- Investigar sobre os prexuízos que recaen sobre a lingua galega e a vida no rural.
- Crear un proxecto adaptado a contextos rurais e galegofalantes.
- Diseñar unha proposta didáctica co obxectivo de velar pola conservación da lingua galega e a protección do medio rural.
- Dinamizar e promover a lingua galega na Educación Infantil.

3. Fundamentación teórica

3.1. A situación do galego na actualidade

A idea de que coñecer e aprender diferentes linguas é un recurso moi valioso tanto para o desenvolvemento persoal e social como laboral, está recoñecida e atópase moi estendida entre a poboación. Pese a isto, se prestamos atención á visión que hai sobre a lingua galega, atopamos unha gran presenza de prexuízos entre a sociedade -sobre todo, dende os propios galegos e galegas-, que afectan á súa valorización e, consecuentemente, á súa normalización. Isto ocasiona que cada vez menos persoas a utilicen de forma habitual en todos os contextos do seu

día a día, que cada vez menos familias críen os seus fillos e fillas en galego e, en definitiva, que cada vez a súa presenza sexa máis minoritaria no noso país.

Tal e como defende Escoriza Morera (2020), todas as linguas representan un aspecto moi importante da cultura dun pobo, porque cada unha delas é un elemento chave para conformar a identidade dun grupo determinado. Ademais, a riqueza dun sistema lingüístico non depende do número de falantes que teña, senón que todas as linguas teñen o mesmo valor porque cada unha delas agocha unha forma determinada de concibir e conceptualizar a realidade que a rodea. Isto non quere dicir que debemos deixar de dar importancia ao número de persoas que falan cada lingua pois son os propios falantes os que garanten a súa supervivencia e, polo tanto, debemos prestar atención ás cifras.

Desta maneira, para comezar a analizar a situación do galego na actualidade e detectar o impacto deses prexuízos que existen sobre a nosa lingua na sociedade, cómpre ter en conta a Estatística Estrutural a Fogares (EEF) que realizou o Instituto Galego de Estatística (IGE) no ano 2018 co fin de recadar datos sobre o coñecemento e uso do galego.

Nos resultados deste estudo (véxase Táboa 1 en Anexos), atopamos que a porcentaxe de nenos e nenas, de entre 5 e 14 anos, que din falar máis galego que castelán, se reduce a un 11,85%, ademais, un 44,13% fala sempre en castelán, fronte a só un 14,27% de nenos e nenas que fala sempre en galego, demostrando así que a lingua predominante entre os máis pequenos e pequenas é o castelán. No tocante á mocidade, repítese un patrón semellante, pois a maioría dos rapaces e rapazas de entre 15 e 19 anos din falar sempre en castelán (31,86%) ou máis castelán ca galego (30,75%). A medida que a franxa de idade é maior, atopamos que as cifras dos homes e mulleres que din falar sempre en galego ou máis galego que castelán vai aumentando pouco a pouco, mais non é ata as idades comprendidas entre os 50 e 64 anos, onde hai máis galegofalantes que castelán falantes. Por último, entre a poboación máis avellentada (os maiores de 65 anos), atopamos que un 44,34% fala sempre en galego e só un 12,96% di falar máis en castelán.

Outro aspecto que recolle esta enquisa e é importante ter presente para analizar o valor que lle dá a sociedade á lingua galega, é o seu uso no ámbito social. Tal e como mostran os resultados (véxase Táboa 2 en Anexos), malia a que o uso do galego está estendido nas relacións entre amigos, o castelán é a lingua máis utilizada á hora de comunicarse cos especialistas sanitarios, tamén co profesorado, co persoal administrativo e con outros profesionais como os da banca. No que respecta ao ámbito laboral, os resultados (véxase Táboa 3 en Anexos) mostran que se tende a utilizar máis o galego á hora de falar cos compañeiros e compañeiras de traballo pero, utilízase máis o castelán para dirixirse aos clientes e, sobre todo, para falar co persoal ao seu cargo ou cos superiores.

Así pois, as estatísticas son claras, o castelán é a lingua máis predominante e a maioría dos galegofalantes mudan a súa lingua para comunicarse con persoas de fóra do seu contorno máis preto e privado como si se avergoñasen dela. Ademais, a perda do galego estase a acentuar cada vez máis nas novas xeracións. É habitual que as familias consideren importante que os seus fillos e fillas aprendan linguas estranxeiras como o inglés ou o chinés, pero cada vez menos nenos e nenas falan galego ou teñen contacto con el. Con isto, parece que consideramos máis prestixioso e interesante aquilo que está lonxe de nós.

3.2. A lingua galega na lexislación e no sistema educativo

Para garantir a perpetuidade no tempo dunha lingua e regular o dereito ao seu uso, cómpre ter unha base lexislativa adecuada. Referido a isto, se analizamos o marco lexislativo que regula a lingua galega, é fundamental comezar por prestar atención á *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias (CELRM)*, un código para a protección das comunidades minorizadas promovido polo Consello de Europa (CE). Esta Carta ten como finalidade protexer e fomentar as linguas rexionais e minoritarias -como é o caso da lingua galega- como un elemento ameazado do patrimonio cultural europeo e, á súa vez, ofrecer aos seus falantes o dereito a poder usala tanto na vida pública como na privada. Para iso, establece unha serie de principios e obxectivos básicos nos que os Estados membros se deben basear para elaborar as políticas lingüísticas correctas, estes son:

- O recoñecemento das linguas rexionais ou minoritarias como riqueza cultural.
- O respecto á área xeográfica de cada lingua rexional ou minoritaria.
- A necesidade de acción resolutiva para promocionar estas linguas.
- A facilitación e/ou promoción do uso destas linguas, na forma oral e escrita, e na vida privada e pública.
- A provisión de formas apropiadas e medidas para a ensinanza e o estudo de ditas linguas adaptados a todos os niveis.
- A promoción de intercambios transnacionais relevantes.
- A prohibición de toda forma de diferenciación, exclusión, restrición ou preferencias inxustificadas, relativas ao uso dunha lingua rexional ou minoritaria, co obxecto de non facer perigar o seu mantemento ou desenvolvemento.
- A promoción por parte dos estados do entendemento mutuo entre todos os grupos lingüísticos do país. (*Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias*, 1992)

Malia ser un documento promovido e aprobado por todos os estados membros do Consello de Europa, entre eles España, no ano 1992, o noso país non ratificou esta Carta ata o

2001, o que indica que as medidas que se estableceron como base para as políticas lingüísticas, non se comezaron a implementar en España ata 8 anos despois.

Centrándonos no Estado español, a *Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia*, no seu artigo quinto, determina que a lingua propia de Galicia é o galego que, xunto co castelán, son as dúas linguas oficiais de Galicia e todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Ademais, defende que os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial de ámbolos dous idiomas e potenciarán o uso do galego en todas as ordes da vida pública, cultural e informativa, dispoñendo dos medios precisos para facilitar o seu coñecemento. Por último, outro importante aspecto que ditamina esta lei é que ninguén poderá ser discriminado pola súa lingua. (Estatuto de Autonomía para Galicia, 1981)

Outra normativa que resulta moi importante para reivindicar o valor da lingua galega é a *Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística*. A finalidade deste documento é recuperar a lingua, considerándoa o núcleo da identidade galega e a chave de unión entre a comunidade. De acordo co establecido no artigo 3 da Constitución e no 5 do Estatuto de Autonomía, ten como obxectivo garantir a igualdade entre o galego e o castelán como linguas oficiais de Galicia e normalizar a lingua galega como o idioma propio do pobo. Para iso, dita unha serie de artigos onde se promove e defende o uso do galego en todos os ámbitos. Referido á educación, no Título III, atopamos o uso da lingua galega no ensino onde se consideran certos aspectos que é importante ter en conta como, por exemplo, que o galego debe ser a lingua oficial na ensinanza en todos os niveis educativos, que os nenos e nenas teñen dereito a recibir a primeira ensinanza na súa lingua materna ou que se debe garantir que ao final dos ciclos o alumnado coñezan o galego igual ca o castelán.

Cabe destacar que, malia a que a Lei de Normalización Lingüística foi aprobada no ano 1983, non foi ata o 2004, é dicir, 21 anos despois, cando foi aprobado no Parlamento de Galicia o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega. no cal se recollen máis de catrocentas medidas concretas e elaboradas a partir da realidade lingüística de Galicia, co fin de garantir o uso do galego nos distintos ámbitos da sociedade e garantir que calquera cidadán poida vivir plenamente en galego (Plan Xeral de Normalización da lingua Galega, 2004). Este foi un dos avances máis importantes en política de extensión do uso social do galego, tras a aprobación da Lei de Normalización Lingüística mais, o feito de tardar tantos anos en saír á luz, é a proba de que a política lingüística que ampara á lingua galega, deixa moito que desexar.

Ademais, malia á importancia de que estas normativas intenten salvagardar os dereitos da lingua galega, a realidade do que está a suceder co galego está lonxe de adaptarse á lei. Así pois, a data de 2022, podemos comprobar que a normalización da lingua galega en calquera dos ámbitos tanto sociais como laborais ou administrativos, segue estando lonxe de ser como debera. Ademais, os prexuízos que recaen nesta lingua seguen a estar moi presentes na

sociedade, considerándoa inferior ca o castelán, avergoñando a aqueles e aquelas que a falan e sen cumprir o que o marco lexislativo determina, tendo como consecuencia o aumento progresivo da perda de falantes. O peor de todo isto é que as consecuencias as asume a lingua e a cultura galega pero, con elas, tamén a diversidade lingüística do noso país, de Europa e o mundo, en xeral, perde unha gran riqueza.

O primeiro impulso cara ao cambio debería estar no ámbito educativo xa que, tal e como dicía Nelson Mandela: “A educación é a arma máis poderosa que podes usar para mudar o mundo”. Así mesmo, como todos/as sabemos, os centros educativos son espazos onde os/as nenos/as van medrar e convivir durante un longo período das súas vidas e formar as súas personalidades. Ademais, sábese que a etapa de Educación Infantil é o momento idóneo para que o alumnado adquira as aprendizaxes máis significativas e relevantes, polo tanto, debemos prestar atención á importante pegada que deixa nos/nas futuros/as cidadáns e cidadás a escola e reflexionar sobre o papel que se lle dá a lingua galega neste ámbito.

Referido a isto, é moi interesante prestar atención ao *DECRETO 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo*. Pois este é o único que tivo en conta a escolarización en lingua galega para a etapa de Educación Infantil, concretamente, no que sinala no seu artigo 7º. Así pois, determina que nesta etapa educativa o profesorado debe usar a lingua materna predominante entre o alumnado na clase, tendo en conta a lingua do contorno e coidando o coñecemento oral e escrito da outra lingua oficial. Ademais, especifica que nos contextos castelán falantes, o uso do galego debe ser- como mínimo- igual ca o do castelán e que se debe fomentar a adquisición da escritura e lectura en galego para que se converta no idioma base da aprendizaxe, co fin de que o alumnado adquira unha competencia que lle permita expresarse e comunicarse en galego.

Á súa vez, xunto con este Decreto, a Xunta de Galicia publicou a *Guía para a Planificación Lingüística nos Centros Educativos (2007)*, a cal ofrece unhas pautas para mediar no uso e aprendizaxe da lingua galega e castelá coa intención de resolver os problemas de minorización do galego nas escolas. Para iso, fai fincapé na necesidade de converter a lingua galega no idioma vehicular do proceso de ensino-aprendizaxe co fin de que o sistema educativo garanta a adquisición das competencias precisas nas dúas linguas oficiais. Ademais, este documento incorpora unha serie de suxestións e pautas segundo o contorno lingüístico ao que pertence cada centro educativo.

Desta maneira, defende que nas escolas que pertencen a un contorno galegofalante, se debe afianzar a lingua das crianzas á vez que se consolidarán as competencias que teñen en castelán. Isto último resulta doado debido á gran cantidade dos estímulos que teñen os pequenos e pequenas para aprendela polo prestixio que se lle dá.

Con respecto ás escolas situadas nun contorno no que predomina a lingua castelá, considérase que a aula é o lugar idóneo para fomentar que o alumnado adquira competencias en galego. Ademais, resulta especialmente importante que os nenos e nenas atopen referentes galegofalantes entre os docentes do centro, polo que é esencial que estes últimos adquiran as competencias precisas para desenvolver o seu labor educativo en lingua galega e que, á vez, se mostren comprometidos coa lexislación, prestando atención á normativa do currículo educativo, onde se especifica que os nenos e nenas deben adquirir as competencias precisas tanto orais como escritas- para comunicarse en galego.

Por outra banda, seguindo a orde cronolóxica das diferentes normativas que se foron aprobando dentro do ámbito educativo, é importante analizar o *DECRETO 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*. Ao longo deste marco lexislativo, trátase a importancia da adquisición de competencias lingüísticas durante os primeiros anos de vida dos nenos e nenas pero, con respecto ao tratamento das linguas oficiais, soamente se estipula no artigo 13 que “nesta etapa o profesorado debe usar a lingua materna que predomina entre o alumnado, tendo en conta a lingua do contorno e prestando atención a que os nenos e nenas adquiran de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios desta etapa”.

Ademais, ao longo desta nova normativa, non se establecen as porcentaxes mínimas de uso do galego en contextos castelán falantes nin tampouco se fai referencia a fomentar a adquisición da lecto-escritura en lingua galega (Consello da Cultura Galega, 2009). Desta maneira, trátase do mesmo xeito a unha lingua prestixiada (o castelán) que a unha lingua minorizada que está a perder cada vez máis falantes: o galego, desfavorecendo a esta última nunha etapa tan importante como é a Educación Infantil, na cal se forxan os/as novos/as falantes dunha lingua. Un ano despois desta normativa, aprobouse o *DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*. Esta normativa defende a necesidade de afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de Normalización Lingüística no tocante ao ámbito educativo, ademais, di considerar a escola como un sector fundamental para implantar hábitos lingüísticos en galego. Neste sentido, considera preciso reforzar a dimensión comunicativa do galego e facilitar ao alumnado unha oferta educativa que o conciencie sobre a utilidade da lingua e o capacite para o seu uso correcto e eficaz, co fin de respectar a situación sociolingüística na que se enmarca cada centro. En relación coa etapa de Educación Infantil, repite a mesma norma que estipula o Decreto 330/2009 no artigo 13 e engade que “a lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará aos pais, nais, titores/as ou representantes legais de cada alumno/a antes de comezar o curso sobre a lingua materna do seu fillo/a”, tamén defende que se “atenderá de xeito individualizado o alumnado tendo en conta a

súa lingua materna” e que “cada centro educativo debe facer constar no seu proxecto lingüístico as actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais”.

Desta maneira, estes dous últimos decretos citados, semellan ser unha volta a atrás cara ao coidado do galego nas aulas para a súa normalización xa que, como podemos ver, tratan o galego e o castelán do mesmo xeito, sen ter en conta que a situación destas linguas non é a mesma; que o galego está a sufrir un gran descenso do número de falantes, o que fai que cada vez se converta nunha lingua con máis risco de desaparecer e que, pola contra, o castelán goza dun gran prestixio social que fai que estea presente en calquera medio ou situación. Realmente é un retroceso, pois substitúen o Decreto 124/2007, o único marco legislativo que si adaptaba o tratamento das linguas oficiais á realidade lingüística e, polo tanto, ás necesidades do galego. En definitiva, para velar pola normalización do galego e reivindicar o seu valor, é oportuno comezar cun cambio nas escolas pois, como defenden Cassany, Luna e Sanz (2003, p.22), “a escola é un axente de normalización lingüística” e, como tal, ten a responsabilidade de ofrecer ao seu alumnado un modelo de lingua, o cal debe dar preferencia ás formas propias de cada rexión. Ademais, é moi oportuno que calquera neno ou nena que chegue á escola, atope nos seus mestres e mestras a fala máis próxima á da súa casa, polo que os mestres/as deben adecuar a súa linguaxe á dos nenos para establecer unha conexión de diálogo. Mais a realidade está lonxe diso e, cando se trata dun neno/a galegofalante que comeza a estudar nun centro onde a lingua predominante é o castelán (que sucede na maioría deles), case sempre rematan deixando a súa lingua materna e mudando ao castelán. Pola contra, cando se trata dun neno castelán falante que entra nunha escola onde predomina o galego, é moito menos probable que este abandone a súa lingua e pase a falar galego. É importante prestar atención a isto, pois é a clara mostra de que os prexuízos sobre a lingua galega están moi presentes e que o respecto e valor que se lle ten é moi inferior ao que se manifesta polo castelán. Como consecuencia, estes comportamentos agravan aínda máis a situación do idioma galego e, ademais, ocasionan que o neno/a en cuestión que falaba galego se poida avergoñar pola súa lingua e, á súa vez, está demostrado que o feito de que se produza un salto entre a lingua familiar e a da escola, pode ser causa de fracaso escolar.

Con todo, queda claro que a igualdade de oportunidades non existe entre as dúas linguas oficiais de Galicia e, como di Núñez Singala (2017) a actual política lingüística alardea dun trato igualitario que non resulta equitativo porque trata de forma similar a dous idiomas que parten de situacións moi diferentes e, polo tanto, é preciso que a lei mude para marcar pautas eficaces que traten as linguas de xeito adecuado e equilibrado.

Por outra banda, no día a día das aulas, os/as docentes deben aproveitar a súa influencia cara ao cambio e mostrarse comprometidos por impulsar actitudes críticas nos/nas máis

pequenos/as para rachar cos prexuízos que hai sobre o galego, velando así pola riqueza do contorno bilingüe no que vivimos, avanzando así cara á normalización e valorización da nosa lingua. Ademais, como din Cassany, Luna e Sanz (2003): “todos e todas os profesores e profesoras son mestres e mestras de lingua” (p. 26), independentemente da materia que impartan, posto que son os principais referentes do alumnado dentro do centro educativo e deben coidar da súa fala e comprometerse por velar e coidar a lingua dos seus nenos/as.

3.3. A perda do galego: un problema de todos/as

Se intentamos pescudar a base da problemática que está a afectar ao galego pola perda de falantes debida aos estereotipos e prexuízos que existen sobre esta lingua, debemos comezar por mencionar a Tusón (1990), que define o prexuízo lingüístico como:

Desviación da racionalidade que ten a forma de xuízo de valor emitido ben sobre unha lingua-ben sobre os falantes dunha lingua-xerando directamente sexa pola ignorancia, sexa pola malevolencia, axustado a estereotipos e ditado pola molestia que nos producen as diferenzas (pp. 30-31).

Ademais, este autor defende que as linguas son parte da nosa memoria, que son delicadas e inocentes e, por iso, debemos coidalas e protexelas para que non morran. Mais, lamentablemente, o mundo humano está cheo de prexuízos, habendo moita xente con vontade e poder que acaba utilizando a lingua como bandeira e fai que moitos/as caian na trampa dunha educación multiseccular que nos quere fieis a esquemas preconcebidos, acabando por utilizar a lingua como unha ferramenta para agredir.

Neste ámbito, Freixeiro Mato (2014) reivindica que a tentativa cara á eliminación da diversidade lingüística que houbo en todo o mundo afectou en Galicia co galego, deixando unha gran repercusión psicolóxica nas persoas que sufriron esta represión, por exemplo, causándolles un complexo de inferioridade e sentimento de vergoña aos galegofalantes, perdendo autoestima e desexando mudar a súa lingua á de maior prestixio: o castelán. Referido a isto, Núñez Singala (2017) tamén explica que ese ambiente de represión que existe sobre o galego dende fai moitos anos está documentado en leis e decretos -como xa sinalamos no apartado 3.2-, ademais, chegou ao punto de exercerse violencia física sobre aqueles/as que falaban galego, xerando uns dolorosos recordos que quedaron gardados na memoria de moitos e moitas. Isto derivou en que moitos/as galegos e galegas percibisen a súa lingua como un lastre, unha marca de atraso, de incultura, pobreza...

Tras as actitudes negativas e a gran represión que fixo que a sociedade desprestixiase o galego, os galegofalantes xeraron un “autoprexuízo” ao comezarse a sentir menos valorados pola súa lingua (Tuson, 1990, p. 29) e, desta maneira, é comprensible que non desexasen

continuar empregando a súa lingua, sentindo un “autoodio lingüístico” cara ao galego, o que Freixeiro Mato (2014, p.118) define como:

Sentimento de vergoña que ten unha persoa por falar o seu propio idioma-unha lingua minorizada, neste caso, o galego-, o cal lle provoca desprezo por ela mesma e ansias de o substituír por outro- de maior prestixio, neste caso, o castelán- (p. 118).

Desta maneira, considera o “autoodio” como motor da mudanza de idioma, un proceso ao que considera difícil e incluso, traumático.

Como consecuencia disto, pensando en facer o que consideran que é o mellor para os seus fillos e fillas, as familias deixan de transmitir ás novas xeracións a súa lingua materna e pasan a crialos en castelán, xa que é o idioma que consideran máis prestixioso e, polo tanto, pensan que, se os seus nenos e nenas falan nesta lingua, non se sentiran avergoñados nin menosprezados como o facían eles cando falaban en galego. Desta maneira, a transmisión interxeracional da lingua galega rómpese e, como di Freixeiro Mato (2014), isto convértese nun feito que explica a gran perda de falantes da lingua galega nos últimos anos, sobre todo, entre a xente nova. O que, por outra parte, tamén Núñez Singala (2017) considera un gran erro das familias, porque non falar en galego nin transmitírllelo aos seus fillos/as, pode provocar neles/as un estigma de ignorancia, o do analfabetismo no idioma da comunidade na que viven.

Pese a que o feito de que se interrompese esa transmisión interxeracional da lingua galega por parte das familias aos máis pequenos/as ocasionase un gran descenso do número de falantes, como di Docampo (2015), todos e todas somos culpables de que a situación do galego sexa a que é. Polo tanto, o que máis se precisa é reflexionar sobre que non hai inocentes no feito de chegar á situación na que estamos, senón que todos temos parte de responsabilidade e de que está nas nosas mans mudar a situación. Este autor mostra tamén que as familias son as principais criticadas, ás que máis se culpa porque son a parte máis visible pero, detrás dela, o conxunto da sociedade, dos políticos e, en xeral, do conxunto da comunidade, son os que non a usan nin a coidan.

Desta maneira, un aspecto que cómpre ter en conta e que demostra o dito é que, se analizamos o contexto lingüístico ao que a sociedade está exposto, prestando especial atención aos nenos e nenas, atopamos que a presenza do castelán e de estímulos para aprender este idioma, están presentes en calquera contorno, mais, no caso do galego, a súa presenza nos medios de comunicación e entretemento, na publicidade, na voz da xente etc. é moito máis reducida. Así, se as propias familias non falan galego, as posibilidades dos nenos e nenas de aprender esta lingua son moi limitadas porque fóra do vínculo familiar, os demais axentes tamén teñen moito que mellorar.

Desta maneira, tanto os políticos como a administración se deberían comprometer por elaborar leis e decretos que loiten pola normalización da lingua galega, os medios de

comunicación deberían ofrecer máis contidos en galego e publicitalos, a xustiza debe velar por garantir que se cumpran os dereitos do galego, os/as docentes teñen que esforzarse por coidar a fala dos pequenos e pequenas e fomentar actitudes positivas cara á aprendizaxe e uso da nosa lingua e, en xeral, os propios galegos e galegas debemos esforzarnos por erradicar eses prexuízos e rachar cos estereotipos que recaen sobre a nosa fala. En especial, DoCampo (2015) defende que son os/as castelán falantes actuais os que máis poden facer polo futuro do galego, xa que se a xente que fala castelán mostra unha actitude de apoio e respecto cara aos galegofalantes, non os discriminan nin lles poñen “etiquetas”, iríanse erradicando os prexuízos que tanto danan ao galego e á convivencia na nosa sociedade.

En definitiva, a situación do galego é grave e é preciso mudar certas crenzas e actitudes presentes na nosa sociedade canto antes se queremos un futuro alentador no referido á convivencia entre linguas. Ademais, como defende o mestre Freixeiro Mato (2014), se continuamos ocultando o problema ou evitamos tratalo por medo a producir desánimo ou renuncia entre as persoas preocupadas pola súa situación, o único que lograremos é que a situación se agrave. O que hai que facer é prestarlle atención, volvernos críticos e analizar as raíces do problema para pescudar as alternativas máis oportunas cara á normalización da lingua.

3.4. Razóns alentadoras: o momento do cambio

Pese a que son moitas as persoas que fuxiron do galego por mor dos prexuízos e estereotipos que o facían sentir como unha lingua menos valiosa ca o castelán e o uso do galego desapareceu en moitos ámbitos sociais, afortunadamente, aínda queda moita xente que se mostra animada a berrar a súa fala galega ben forte e moitas actitudes alentadoras cara ao futuro do galego.

Como é sabido, “o/a galego/a sempre tira para a casa”, o pobo galego sempre tivo un forte vínculo coa súa terra, o que dá sentido á famosa morriña galega que nos invade de nostalxia cando marchamos fóra. Coa lingua ocorre algo similar e, ao igual que sucede cando escoitas unha cantiga de berce que che cantaba a túa familia cando eras pequeno/a de forma casual ou un alcume cariñoso que che chamaba alguén querido que xa non está, un sentimento de nostalxia e agarimo recórreche o corpo cando escoitas a fala da túa terra estando lonxe dela. Isto explica, tal e como se recolle no documental “A lingua dos nenos”, que moitas persoas que marcharon do seu fogar, ao volver á terra, chegan falando galego, incluso sendo castelanfalantes con anterioridade. Tamén demostra que, malia á represión que existiu-e segue existindo-cara ao galego, a morriña do pobo pola terra e todo o que recorda a ela, son a ferramenta máis valiosa para loitar con afouteza pola normalización da nosa lingua. Como di Núñez Singala (2017), os galegos e galegas temos moita sorte de ter nacido nunha terra onde

existen dúas linguas oficiais pero é unha vantaxe que non aproveitamos nin valoramos como deberíamos. Sábese da utilidade que ofrece tanto a nivel persoal como laboral o feito de coñecer varios idiomas, polo que moitos/as invisten cartos e tempo na aprendizaxe de idiomas, tamén é común que os nenos e nenas asistan a clases extraescolares de linguas estranxeiras. E nós, os galegos e galegas, temos a sorte de ter unha segunda lingua grazas á democracia na que vivimos e ao esforzo dos nosos antepasados por loitar polos seus dereitos, sen aproveitar que o noso propio contorno nos ofrece a posibilidade de ser competentes en dous idiomas de forma gratuíta e sen grandes esforzos.

Por outra banda, ao longo do documental que recolle o testemuño das familias, vemos que son moitas as familias que se mostran críticas coa situación e defenden que os seus fillos e fillas falen galego, non coa intención de menosprezar o castelán, senón porque non queren que as novas xeracións perdan a cultura e a lingua das súas raíces. Para iso, explican que é oportuno transmitir a lingua a través da arte, porque a arte transmite amor e, así, coidamos que a lingua viva. Isto permitirá inculcar aos máis pequenos/as o galego sen presión, léndolles poemas, cantándolles cancións, contando contos... Con isto, lograrase salvagardar e conservar o galego para que o poidan usar se así o queren facer, posto que o importante é “darlles oportunidades, non quitarllas”.

Neste ámbito, debemos reflexionar sobre os medios de comunicación e entretemento aos que os nenos e nenas están expostos, pois estes son un axente importante en cuestión de linguas. A popularidade de plataformas como Disney Channel ou Clan e artistas como Luli Pampín ou Cantajuegos é obvia, mais, as oportunidades de entretemento para pequenos e pequenas en galego, pese a estar menos visibilizadas, son moitas e de calidade. Por exemplo, na páxina infantil da CRTVG (<https://www.crtvg.es/infantil>), pódense atopar unha chea de recursos de entretemento para os máis pequenos e pequenas da casa en galego, tanto debuxos animados como música, programas, xogos etc., incluso ofrece a oportunidade de descargar a aplicación Xabarín da Televisión de Galicia para poder ver en directo unha morea de debuxos animados en galego. Referido con isto último, cabe destacar que, na actualidade, a Mesa pola Normalización está a levar a cabo unha iniciativa que ten como obxectivo lograr que haxa unha canle de televisión infantil en galego e xa recibiu moito apoio a través de sinaturas demandando a volta do Xabarín (<https://www.amesa.gal/noticias/noticias-da-mesa/xabarinclub24h>).

Outro tipo de recursos de calidade que serven de entretemento á vez que proporcionan moitos beneficios ao seu desenvolvemento son os contos, e existen importantes autores que escriben en galego como Xosé Ballesteros ou Eva Mejuto. Tamén importantes editoriais que publican contos infantís en lingua galega como Kalandraka, da cal podemos atopar tamén unha páxina web (<https://kalandraka.tv/gl/>) que ofrece unha versión en galego chea de recursos de calidade. Especialmente gustaríame destacar pola súa beleza e idoneidade os arrolos e cancións

dos vídeos musicais do libro-disco *Non hai berce coma o colo*, producidos por Paulo Nogueira e Magoia Bodega, ilustrados por Mariona Cabassa e publicados por Kalandraka.

É interesante prestar atención ao repositorio de Symbaloo “Facemos lingua con axuda” (<https://www.symbaloo.com/mix/facemos-lingua-con-axuda>) (Imaxe 1 en Anexos) , que dá visibilidade e ofrece acceso a moitas das posibilidades de difusión que hai en lingua galega como, por exemplo, importantes editoriais, programas con gran repercusión como o DigochoEu, a páxina da Asociación Galega do Xogo, dicionarios de galego, diversos tradutores, os contidos infantís dos Bolechas etc.

Todo isto é un claro sinal de que o galego si que está presente, de feito, como se recolle nun artigo da páxina Orgullo Galego, foi unha das primeiras linguas en ter presenza na Internet; buscadores como Enxebre, o portal incipiente Ulo, medios como Vieiros etc. semellando que a lingua galega ía ter unha gran presenza e repercusión dende este medio mais, na actualidade, malia a que non se pode comprobar a cantidade real de páxinas en galego, Google segue sen ter un dominio activo na nosa lingua e considera que a lingua prioritaria é o español.

No referido ás redes sociais, a situación é delicada, Youtube non recomenda o galego malia a que os contidos que un usuario consume sexan nesta lingua, o mesmo sucede con Instagram, Facebook, TikTok... Pero resulta alentador que os creadores de contido en galego están a medrar e cada vez hai máis canles de Twitch que emiten en galego. O director de dominio.gal tamén defende que se están a producir en galego series de calidade que chaman a atención do público e Netflix as comercializa con éxito por todo o mundo e que o mesmo debe pasar con Internet, precisamos máis medios de comunicación en galego, máis usuarios falando a nosa lingua, máis contidos etc. (Orgullo Galego, s. d.)

Polo tanto, debemos aproveitar todas as posibilidades de difusión da nosa lingua das que dispoñemos e utilízalas, xa que é unha das ferramentas máis eficaces para reivindicar a riqueza da nosa lingua. Ademais, debemos prestar especial importancia a ofrecer aos máis pequenos e pequenas os contidos oportunos e de calidade en galego para que atopen referentes e gocen deles.

Por outra banda, cómpre ter en conta tamén o que defende Núñez Singala (2017), de que “en cuestión de linguas, o importante é sumar” (p. 72), polo tanto, as familias non deben escoller que lingua desbotar e por cal optar para criar os seus fillos/as pois, está demostrado que calquera neno que estea exposto a dúas ou tres linguas dende a infancia e que recibe os estímulos adecuados-sobre todo, se os pais as empregan e valoran- pode aprendelas sen esforzo. Ademais, o máis oportuno sería que os nenos e nenas fosen competentes tanto en galego como en castelán e que poidan aproveitar esas competencias para aprender aínda máis idiomas ao longo da súa vida.

E, en definitiva, como explica o autor, malia aos prexuízos e estereotipos que pretenden afectar á transmisión interxeracional da lingua galega, todos/as debemos ter claro que a nosa opción lingüística ou a que as familias escollan para os seus fillos/as, pode ser diferente do que a sociedade aprobe, que debemos ter claros os nosos criterios e mantelos firmes fronte a outras opinións, porque temos dereito a aprender e utilizar o galego, porque todas as linguas son ferramentas de integración e proxección laboral e, polo tanto, abren portas. Ademais, o idioma galego representa a nosa terra, a nosa cultura e a experiencia dos nosos maiores, polo tanto, debemos esforzarnos por loitar contra as adversidades que sofre a nosa lingua coa afouteza que ten o pobo galego.

E, pese a que aínda queda moito por facer, parece que pouco a pouco a sociedade xa se vai decatando de que é un erro tratar así a nosa lingua e, como explica Freixeiro Mato (2014), o galego foi gañando prestixio social nos últimos tempos, sobre todo, entre a xente máis formada, o que axuda a reducir a incidencia do “autoodio” do que se falou anteriormente -que é unha das principais causas do abandono da nosa lingua- e isto, á súa vez, implica que as xeracións que se están concienciando sobre este tema, transmitiránllelo ás futuras. Ademais, tal e como defende Lorenzo Suárez (2016), na actualidade está medrando unha xeración cunha ideoloxía lingüística favorecedora da recuperación social e cultural da lingua galega, que hai persoas preocupadas pola situación do galego e que -malia a que decrecen lentamente- hai datos que mostran que o galego segue a conservar unha gran fortaleza demográfica como lingua habitual e materna.

Por outra banda, na Revista Galega de Educación, podemos atopar iniciativas que resultan alentadoras porque semellan que a sociedade comeza a sentirse responsable e a implicarse nisto.

Por exemplo, o proxecto “*Chámame, fálame*” (véxase Imaxe 2 en Anexos), en Santiago de Compostela, que ten como obxectivo principal promover o uso de antropónimos galegos e achegar ás familias a importancia de apoiar a transmisión interxeracional, á vez que se asocia o galego aos procesos de socialización e aprendizaxe lingüística nas familias. Esta campaña foi deseñada en tres fases: a primeira “Chámame”, traballa o concepto da identidade e animábase ás familias a utilizar nomes de persoa galegos como Brais, Xabier ou Icíá, co fin de representar unha alternativa de nomes que representan a identidade dos nenos e nenas galegos, revalorizando o noso como activo, atractivo, innovador e orixinal. Na segunda fase, chamada “Fálame, fáloche”, trabállase coa comunicación e promóvese a adquisición da lingua galega como primeira lingua e, a terceira, “Teño lingua e non é de trapo”, céntrase no concepto de socialización e en defender a importancia de usar a lingua propia para coñecer a realidade da nosa terra, comprometerse coa historia e respectar as nosos antepasados e pola súa utilidade ao achegarnos ao coñecemento de outras linguas.

Tamén “*O proxecto Apego*” que, preocupándose pola diminución do número de nenos e nenas que teñen o galego como lingua inicial, trata de demostrar aos pais e nais que é positivo transmitir o galego ás crianzas, facilítalles información e recursos, e crea espazos e actividades para a socialización en galego (<http://delingua.santiagodecompostela.gal/actividades>) (véxase Imaxe 3 en Anexos). Os seus ámbitos de intervención son cinco: as familias, das cales as que xa transmiten o galego aos seus fillos procuráanse converter en axentes normalizadores implicándoas nas redes de apoio e, as que non, procuráase que logren cambios lingüísticos cara ao galego; as escolas infantís, onde se procurará poñer en valor a capacidade dos profesionais que traballan alí para transmitir o galego e potencialo nos recursos; as actividades extraescolares, nas que se procura promover redes de colaboración entre profesionais, organizadores etc. para programar conxuntamente actividades de intercambio de recursos, experiencias etc. e, para o ámbito do lecer, preténdese crear e apoiar materiais de lecer en galego e forzar espazos, actividades e ámbitos para a socialización en galego dos nenos e nenas.

O “*Proxecto Alí*”, da empresa Fabaloba (<http://aliali.fabaloba.com/>) (véxase Imaxe 4 en Anexos), tamén é moi interesante. Trátase dunha iniciativa de difusión de materiais en galego adaptados para utilizalos como ferramentas educativas na etapa de Educación Infantil. Este proxecto conta coa colaboración da Coordinadora de Traballadoras/es de Normalización da Lingua (CTNL) xunto coa que decidiron deseñar e impartir unha serie de obradoiros destinados tanto a familias como profesionais, co obxectivo de dar a coñecer novos materiais en galego para os máis pequenos/as. Estes materiais, integran as áreas de literatura, música, audiovisual e xogos. Desta maneira, serven para ler, escoitar, ver e xogar, e a súa función máis urxente é fomentar a transmisión da lingua galega ás novas xeracións e familiarizar o alumnado con ela.

3.5. A voz do rural

En Galicia, ademais da convivencia lingüística do castelán e galego entre a poboación, atopamos paisaxes de características moi diversas arredor das cales se crearon núcleos poboacionais con características propias. Deste xeito, na nosa comunidade, existen contornos moi diferentes que foron marcando os trazos e costumes propios da veciñanza que os compoñen. O principal contraste que podemos atopar é entre o medio urbano e rural, dous espazos totalmente distintos tanto polas súas características paisaxísticas como polos hábitos e rutinas, os costumes e os vínculos e relacións sociais entre a veciñanza.

Ao igual que sucede coa diversidade lingüística, cando existen opcións diferentes, o ser humano ten a manía de pensar que debe tomar postura por un ou noutro, sen valorar a riqueza da variedade, da diversidade. Isto deriva na creación de prexuizos e estereotipos cara a un contorno ou outro, sendo o que menos defensores/as ten, o que máis se despreza.

Así pois, tal e como descubriu García Monteagudo (2016) coa súa investigación, entre a mocidade predomina unha imaxe idílica polo ámbito urbano e cada vez é máis frecuente equiparar o medio rural a un mero espazo con potencialidades económicas, identificando o rural coa actividade agraria como finalidade. Ademais, os grupos sociais rurais están subestimados e atribúenselles características demográficas vinculadas ao envellecemento e a unha peor calidade de vida, comparándoo coa vida na cidade. En definitiva, sobre os contornos rurais recaen unha serie de prexuízos que o asocian como un atraso social, económico e cultural en comparación coas cidades e cunha imaxe estancada da poboación rural, xa que se pensa que só os anciáns forman parte da veciñanza destas zonas.

A este menosprezo cara ao medio rural hai que sumarlle outro aspecto: a lingua. Pois, como sabemos, no rural galego atopamos a tradición, a experiencia dos nosos maiores, as raíces da sociedade galega, o alimento e a base das cidades pero, sobre todo, atopamos a terra que salvagarda a lingua galega.

Como se analizou ao longo deste traballo, a situación do galego é moi preocupante, sobre todo, nos nenos e nenas máis pequenos/as; cada vez hai menos nenos e nenas que teñen o galego como lingua materna e, a maioría dos que si, rematan mudando ao castelán cando comezan na escola. No curso 2016/2017, a Mesa pola Normalización Lingüística elaborou unha enquisa sobre a lingua galega na Educación Infantil de Galicia cuxos resultados mostraron que, nas sete principais cidades galegas, o castelán é a lingua predominante, quedando relegado a un segundo plano o galego, cunha baixa presenza na lingua dos/das nenos/as (véxase Táboa 4 en Anexos). Ademais, os resultados son claros, a cifra de nenos/as que falan en galego diminúe de xeito progresivo á vez que aumenta o número de habitantes do contorno, o que supón que, os contornos onde menos nenos e nenas falan galego é onde máis poboación hai: nas cidades. Pola contra, é no ámbito rural onde maior número de pequenos e pequenas falan galego (véxase Táboa 5 en Anexos), resultando alentador ver que os resultados din que nos centros rurais, o galego é a lingua predominante.

Desta maneira, a maioría dos/das estudantes de Educación Infantil falan en castelán pero o galego resiste nos centros de contornos rurais, onde temos a sorte de atopar nas aulas dos/das máis pequenos/as a viva lingua da nosa cultura. Pero, malia á gran sorte que temos de que as aldeas actúen como o berce da lingua, a situación nelas cada vez é máis preocupante, xa que semella que o castelán entra cada vez con máis forza nas aulas de infantil do rural. Así, nos centros educativos destes contornos vemos que os/as alumnos/as de cursos superiores seguen a falar predominantemente en galego pero, nas clases dos máis pequenos/as, cada vez son máis os que teñen como lingua materna o castelán e, polo trato que se lle dá, estase fomentando o aumento do número de castelán falantes da aula, incluso aqueles/as que falaban galego.

Esta situación pode partir de que os/as mestres non están a aplicar un tratamento das linguas do xeito máis convinte (como se recolle na Guía para a Planificación Lingüística da que se falou anteriormente), outra das causas pode ser que cada vez máis familias marcharon a traballar ás cidades e, polo tanto, isto aumenta o risco de que muden a súa lingua ao castelán, á vez que comezan a llela falar con máis frecuencia aos seus fillos/as. Outro aspecto ao que debemos dar importancia tamén é que moitos dos nenos e nenas conviven cos seus avós e avoas, moitos/as dos cales viviron épocas de moita represión e poden pensar que é máis oportuno que os seus netos/as falen castelán para evitar sentirse inferiores. Ademais, moitos maiores pensan que o galego “que está ben” é o normativo, e que o que eles falan non é de calidade, avergoñándose así das variedades dialectais e do léxico patrimonial.

Deste xeito, o medio rural ten un gran potencial pola súa riqueza cultural e paisaxística, os seus costumes e tradicións, o medio e estilo de vida da súa veciñanza, os traballos e a experiencia dos labregos, a arte das cantigas e refráns, o contacto directo co medio natural, as grandes aprendizaxes interxeracionais e, ademais, é o berce da lingua galega e ten un gran papel de defensor dela. Mais, lamentablemente, por mor dos prexuízos que recaen tanto sobre o contorno como pola súa lingua, espallouse a idea de tratar como “paletos/as” ou “atrasados/as” a todos aqueles que viven nel, facendo así que moitos sintan vergoña de vir de onde veñen e falar o que falan.

Por todo isto, é preciso comezar dende as aulas dos máis pequenos e pequenas do propio rural a facerlles ver que as súas terras son tan válidas como as da cidade e que a súa lingua se pode berrar con tanta forza coma o castelán. Traballar coas novas xeracións é o máis conveniente cara ao cambio, posto que se lles animará a defender a súa fala e, á vez, a fomentar neles actitudes positivas cara ao seu contorno que permitan salvagardar as pequenas aldeas galegas que tan soas están a quedar. Desta maneira, racharanse os prexuízos que están a atentar cara á nosa riqueza cultural, paisaxística e léxica e loitaremos contra o abandono do rural e cara á normalización do galego.

4. Proposta didáctica

4.1. Presentación e xustificación

As aldeas do rural son os contornos onde máis nenos e nenas falan en galego, sendo os centros educativos situados neste ámbito onde podemos atopar un maior número de alumnado galegofalante. Isto implica que a lingua galega é a máis predominante nas aulas, mais, nos últimos anos, cada vez son máis os alumnos e alumnas que utilizan o castelán como lingua vehicular, o que ocasiona que o mantemento do galego nas linguas dos máis pequenos/as, está en risco tamén no rural, que era a terra onde se salvagardaba.

Como resposta a esta problemática, xorde este proxecto, que ten por título “Coidando do noso”, xa que se centra na necesidade de velar por salvagardar e normalizar a lingua galega á vez que defender o valor do ámbito rural. Para iso, dende a creación desta proposta, impúlsase unha dinámica atractiva e funcional, que ten como base a defensa do galego como lingua vehicular e o aproveitamento das potencialidades do rural para aprender e gozar, todo isto co fin de incentivar que a poboación do rural se sinta orgullosa do seu fogar e da súa voz.

Esta proposta está deseñada para levala a cabo co alumnado de Educación Infantil dun centro educativo rural, pois, traballalo coas novas xeracións é o xeito máis eficaz para garantir que a lingua galega continúe sendo a voz das aldeas e que perdure o encanto destes lugares ao longo do tempo. Ademais, foméntase a participación das familias, da veciñanza etc., os/as cales aportarán ao proxecto experiencia, sentimento, á vez que unha chea de aprendizaxes e sabedoría, co fin de que o orgullo pola lingua e o rural se espalle entre toda a comunidade.

4.2. Contextualización

➤ O contorno

A escola na que se levará a cabo esta proposta está situada nun contorno rural. O municipio no que se sitúa caracterízase por ter unha gran superficie de extensión e, á vez, unha escasa poboación que ademais se atopa moi espallada entre sete parroquias.

En canto ao estilo de vida e os costumes das familias deste municipio, a maior parte delas dedícase ao sector terciario tanto en pobos próximos, como nas cidades da Coruña e Ferrol. Mais, cómpre destacar que a industria madeireira ten un forte impacto económico na contorna, habendo moitas empresas que se dedican á explotación forestal ou limpeza e coidado de montes, a cal da emprego a moitos veciños. Ademais, aínda quedan familias que teñen como principal actividade económica o sector agrícola e gandeiro, tanto co gando vacún para a produción de leite e/ou explotación de carne, como a comercialización de verduras e hortalizas.

Entre os servizos que atopamos neste concello, cabe destacar a presenza dun centro para a terceira idade, que coida e atende dos veciños e veciñas máis maiores á vez que dá traballo a varios/as profesionais da zona. O concello tamén ten un Centro de Saúde, Farmacia, unha oficina de Correos, algúns ultramarinos e unha pequena oficina bancaria.

En canto ás oportunidades de ocio, atopamos a gran piscina municipal, que abre na tempada de verán e é de acceso gratuíto para toda a veciñanza. Este concello tamén conta con pistas deportivas en todas as parroquias e cun pavillón polideportivo situado a carón do centro educativo, no que se realizan actividades tanto da escola como extraescolares, así como campionatos de fútbol sala e outras celebracións. Á par deste, hai un gran campo de fútbol de herba natural do que tamén goza o alumnado da escola. Cabe destacar que a gran riqueza

paisaxística da contorna, o que fixo que xurdisen empresas que aproveitan as potencialidades da zona organizando andainas e outras actividades de ocio en contacto coa natureza. Referido á cultura, neste concello fundouse un grupo de música folclórica, que imparte clases de música dende os máis pequenos ata os máis maiores.

➤ O centro educativo

Centrándonos na escola, este centro educativo é de carácter público e oferta o segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, escolarizando así aos nenos e nenas, dende os tres ata os dezaseis anos, do propio concello e doutros limítrofes que tamén son rurais. Debido a que o número de nenas e nenos que habitan nestes concellos é escaso, o número total de alumnos/as que escolariza o centro é reducido, polo tanto, só se ofrece unha liña por nivel, o que quere dicir que hai unha aula para cada curso, cada unha delas, cunha media aproximada de 15 alumnos/as. Isto resulta moi oportuno para poder ofrecer ao alumnado un trato individualizado, ademais, como son tan poucos nenos e nenas no centro, todos e todas se coñecen entre eles/as. Á súa vez, o feito de agrupar alumnos/as de tantas idades, permite que toda a comunidade educativa conviva durante moitos anos alí, creando uns vínculos de confianza que fan que o centro actúe como unha familia. Entre os servizos do centro cabe destacar a presenza dun gran comedor escolar, que é de balde para a maioría do alumnado (só pagan unha pequena cota as familias coas rendas máis altas).

➤ O alumnado protagonista

O alumnado para o que está deseñada e adaptada esta proposta porque serán os principais destinatarios e protagonistas dela, son os nenos e nenas do segundo ciclo de Educación Infantil: menos e nenas de entre 3 e 6 anos que, xunto cos seus mestres e mestras, compoñen as aulas de 4º, 5º e 6º de infantil. Mais, debido ás características e obxectivos desta proposta didáctica, é posible ampliala a todo o alumnado do centro realizando as adaptacións oportunas.

No referido ás características máis salientables do alumnado protagonista, polo momento, non consta ningún caso con algún tipo de trastorno ou problemática relacionada co desenvolvemento e/ou a aprendizaxe. Aínda así, cada neno/a ten unhas características propias, polo que se debe atender ás necesidades de cada un/unha adaptando os tempos para respectar os ritmos, prestar unha atención individualizada e velar porque todos e todas gocen do proceso e desenvolvan as súas competencias.

En canto á lingua, predomina o galego, pero hai unha pequena porcentaxe de nenos e nenas que teñen como lingua inicial o castelán e cómpre telo en conta. Este ambiente de bilingüismo é unha excelente oportunidade para que o alumnado que fala castelán adquira competencias en galego ao escoitar os seus compañeiros; mais, por outra banda, as/os mestras/es do centro din que se pode ver facilmente que a maioría dos alumnos/as galegofalantes diríxense en castelán aos compañeiros que falan nesta lingua. Isto é positivo

porque axuda a que todos/as adquiran competencias en castelán, pero resulta preocupante porque é un claro sinal de que ata os máis pequenos/as senten que a súa lingua non é tan importante como a outra e “fórzanse” a mudar ao castelán para dirixirse aos compañeiros/as que o falan (cousa que non pasa cando son os castelán falantes os/as que se dirixen aos galegofalantes).

4.3. Temporalización

A idea principal desta proposta é defender o galego como lingua vehicular na escola, polo que todos os días se deben levar a cabo actividades en galego, intentando que as conversas e diálogos que se produzan en diferentes situacións ao longo da xornada, teñan fala galega. Ademais, esta iniciativa debe alongarse no tempo para poder cumprir co obxectivo de quedar instaurada entre a comunidade do centro. Polo tanto, a proposta débese manter ao longo de todo o curso.

Pese a que se debe velar porque o galego sexa a lingua vehicular ao longo da xornada de xeito interdisciplinar, haberá momentos concretos da semana destinados a levar a cabo as actividades específicas deseñadas. Así, todos os venres traballarase coa proposta, pero sen instaurar unha temporalización fixa porque as actividades son moi variadas e cada unha delas ten unhas necesidades precisas. Desta maneira, haberá algunhas tarefas, como as saídas extraescolares, que impliquen varias horas ou incluso a xornada completa, outras, será oportuno realizalas durante as primeiras horas na asemblea e, noutros casos, ao requirir da participación da familia e doutras persoas da comunidade, débese adaptar o momento de realizar a actividade á dispoñibilidade horaria de todas as partes. Cómpre destacar que, tendo en conta que o horario escolar deste centro vai dende as 09.45 horas da mañá, ás 16.30 horas da tarde, pódese adaptar a temporalización das actividades tanto á dispoñibilidade de mañá como de tarde.

Por outra banda, é moi importante que os tempos sexan flexibles, que os/as docentes presten atención ás necesidades e intereses dos nenos e nenas en cada momento para poder adaptar a realización de cada actividade a un tempo no que o alumnado se mostre receptivo e concentrado, tamén a duración de cada unha delas será diferente e débese adaptar ao ritmo do alumnado. Outro aspecto que cabe destacar, é que algunhas das dinámicas deseñadas están pensadas para realizarse no exterior, polo que tamén haberá que ter en conta as condicións climáticas para determinar se é conveniente realizalas ou non.

4.4. Obxectivos

Toda idea ou proxecto, ten un fin. Por iso, os principais obxectivos que se pretenden alcanzar mediante a realización desta proposta didáctica cos nenos e nenas, son:

- Promover e dinamizar o uso do galego como lingua vehicular nas aulas de Educación Infantil.
- Traballar con espírito crítico para rachar cos prexuízos que recaen sobre o galego.
- Aproveitar as posibilidades do ámbito rural para a aprendizaxe dos nenos e nenas.
- Recoller e dar a coñecer mostras da cultura e tradición oral galega como oficios, celebracións, cantigas, lendas ou mitos.
- Valorar a riqueza da experiencia dos maiores e potenciar a transmisión interxeracional.
- Fomentar a participación das familias e/ou outros axentes sociais na vida da escola.

4.5. Competencias

O Decreto 330/2009, polo que se regula o currículo legislativo da Educación Infantil en Galicia, establece unha serie de competencias básicas que o alumnado debe desenvolver e alcanzar ao longo da súa ensinanza: a competencia en comunicación lingüística, a competencia matemática, a competencia no coñecemento e interacción co mundo físico, o tratamento da información e competencia dixital, a competencia social e cidadá, a competencia cultural e artística, a competencia para aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal.

Deberase atender a estas oito competencias para guiar a práctica educativa e desenvolver propostas que contribúan ao seu desenvolvemento de xeito progresivo dende que os nenos e nenas se escolarizan. Desta maneira, todas as actividades que se deseñen para o alumnado deben fomentar esas competencias, o que algunhas veces se fará de forma explícita e, outras, implícita.

Centrándonos nesta proposta didáctica, o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística é o principal elemento no que fai fincapé, xa que o principal aspecto ao que atende é a lingua dos máis pequenos e pequenas, en concreto, á dinamización tanto de forma oral como escrita (en menor medida) da lingua galega nas novas xeracións. Como ben se foi explicando ao longo deste traballo, é preciso atender á situación do galego e comprometernos por deseñar propostas educativas que velen pola súa normalización, por iso, está é a principal competencia á que se atenderá coa posta en práctica deste proxecto, unhas veces dun xeito máis directo traballando con vocabulario, música e medios audiovisuais e, outras veces, sendo a lingua vehicular de actividades de cociña, psicomotricidade etc. pero atendendo sempre a promovelos entre o alumnado. Por iso, as medidas que pretende seguir esta proposta para que o alumnado acade esta competencia en comunicación en lingua galega son:

- Potenciar o uso da lingua co fin de comunicarse de forma correcta e adecuada tanto cos iguais como coas persoas adultas.
- Fomentar o uso da lingua para relatar experiencias, feitos, ideas, expresar sentimentos e facer peticións.

- Traballar a comprensión de mensaxes orais, facendo fincapé en respectar as quendas de palabra e escoitar atentamente os demais.
- Achegar o alumnado á lingua galega escrita, valorándoa como medio de información, presentando na aula situacións significativas, tanto de lectura como de escritura, con diferentes finalidades como, por exemplo, á hora de coñecer, transmitir ou pescudar información.
- Impulsar o interese das criaturas por expresarse, comunicarse, compartir experiencias...
- Achegar o alumnado a elementos de identidade cultural, sucesos e persoas relevantes da comunidade mediante visitas, relatos, Internet...

A competencia no coñecemento e interacción co mundo físico será outra das que máis se traballará con esta proposta, porque se pretende potenciar o respecto e o coidado polo medio rural á vez que pola lingua. Deste xeito, durante as diferentes actividades os nenos e nenas estarán en contacto directo coa natureza e con elementos naturais, por exemplo, durante as andainas polas Fragas, no traballo coa identificación de aves e animais, coa presenza de elementos naturais no circuíto etc.

No referido ás demais competencias, tamén se contribuirá ao desenvolvemento de todas elas durante o transcurso das diferentes actividades, por exemplo, no referido á matemática, traballando con medidas ou cantidades (como na actividade de Grolíños de vida). O tratamento da información e a competencia dixital estará moi presente ao longo das diferentes sesións á hora de recompilar información, sacar fotografías, ver cousas no proxector, etc. A competencia social e cidadá traballarase especialmente á hora de colaborar e traballar coas familias, cos maiores do centro, cos axentes externos á escola que participan na proposta e cos iguais, mediante o traballo en equipo. O traballo coa música tradicional galega, coas lendas, cos refráns etc. a creación de poemas e a representación mediante debuxos, potenciarán que o alumnado desenvolva a súa competencia cultural e artística. No referido á competencia de aprender a aprender, facendo que os propios alumnos reflexionen e se volvan críticos para aportar hipóteses, á vez que formulan preguntas ou mostran interese por coñecer, estamos potenciando que os nenos e nenas adquiran unha aprendizaxe relevante por si mesmos/as. E, por último, ao considerar o alumnado protagonista da súa aprendizaxe, estamos fomentando a súa autonomía e, ao prestar atención ás súas opinións e deixarlles tomar decisións, contribúese á súa iniciativa persoal.

4.6. Contidos

O Decreto 330/2009 determina unha serie de contidos, organizados en áreas de coñecemento e bloques, que se deben traballar nas aulas de Educación Infantil. Atendendo aos que se ditan para o segundo ciclo, esta proposta didáctica traballará os seguintes:

Área 1. Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

Bloque 1. O corpo e a propia imaxe

- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Recoñecemento dos sentidos como medio de expresión, percepción e comprensión do mundo que o rodea, e como medio favorecedor do desenvolvemento cognitivo.
- Valoración positiva e respecto polas diferenzas, aceptación da identidade e características das demais persoas, evitando actitudes discriminatorias. *Bloque 2. Xogo e movemento*
- Gozo co xogo como medio para coñecer a realidade, mantendo unha actitude de axuda e cooperación tanto cos iguais como coas persoas adultas. Aceptación do xogo como medio de goce e de relación cos demais.
- Aceptación de compromisos, establecendo acordos, fortalecendo vínculos afectivosamizade, cooperación, axuda, solidariedade... *Bloque 3. A actividade cotiá*
- Habilidades para a interacción e colaboración, así como unha actitude positiva para establecer relacións de afecto con persoas adultas e iguais, aceptando a diversidade.

Área 2. Coñecemento do contorno

Bloque 1. Medio físico: elementos, relacións e medida.

- Interese pola exploración dos obxectos e materiais presentes no medio recoñecendo as súas funcións e usos cotiáns e mantendo unha actitude de respecto e coidado cara a obxectos propios e alleos. *Bloque 2. Achegamento á natureza.*
- Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas.
- Gozo ao realizar actividades individuais e en grupo en contacto coa natureza. Valoración da súa importancia para a saúde e o benestar, apreciando o medio natural como un espazo para a recreación, a aventura e a conservación, realizando actividades ao aire libre e o contacto con elementos da natureza.
- Participación en proxectos e investigacións no medio rural, expresando as actividades realizadas e os resultados obtidos mediante diferentes representacións. *Bloque 3. Cultura e vida en sociedade*
- Recoñecemento dalgúns signos de identidade cultural galega apreciando os cambios que se producen no modo de vida co paso do tempo.

Área 3: Linguaxes: comunicación e representación

Bloque 1. Linguaxe verbal

**Escoitar, falar e conversar*

- Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos; para adquirir coñecementos; para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións; para facer peticións e como mecanismo para regular a propia conduta e a das demais persoas.
- Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico variado, aumentando a precisión na busca dunha maior estruturación das súas frases...
- Participación en situacións de comunicación con diferentes propósitos, en diferentes contextos e con persoas interlocutoras diversas usando argumentos nas súas conversacións, respectando quendas e escoitando atentamente.

**Achegamento á lingua escrita*

- Interese e atención na escoita de narracións lidas por outras persoas.
- Interese no uso da escritura en situacións contextualizadas e reais.

**Achegamento á literatura*

- Escoita e comprensión da lectura en voz alta, realizada por unha lectora ou lector competente de contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...; tradicionais, en lingua galega, e como fonte de pracer e de aprendizaxe compartido.

Bloque 2. Linguaxes artísticas: plástico, musical e corporal.

- Audición atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas. Participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais.

Bloque 3. Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e comunicación

- Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.
- Aproximación ao uso do ordenador, da cámara fotográfica, nos procesos creativos para a elaboración de producións audiovisuais.

4.7. Metodoloxía

Esta proposta didáctica foi deseñada para levarse a cabo mediante unha Aprendizaxe Baseada en Proxectos (ABP). O motivo polo cal se decidiu organizar o proceso de ensinoaprendizaxe nun proxecto é porque, tal e como defenden Andúgar Soto, Tabuenca Cuevas e Mondéjar Fuster (2015), esta metodoloxía permite realizar unha aprendizaxe máis experiencial e activa por parte do alumnado, ademais, está demostrado que é oportuno traballar utilizando este método en todas as etapas, polo que non só podemos empregala en Educación

Infantil, senón que é moi indicada para fomentar a construción de novos coñecementos por parte dos nenos e nenas de calquera idade.

Entre os trazos máis característicos da aprendizaxe baseada en proxectos podemos destacar que os intereses dos nenos e nenas teñen moita importancia. De feito, o eixo principal de cada proxecto adoita partir deles (Andúgar Soto, Tabuenca Cuevas e Mondéjar Fuster, 2015). Ademais, todo o proceso de aprendizaxe está marcado por un ambiente de cooperación tanto entre iguais, como con docentes ou axentes externos á escola, o que fomenta a integración de diferentes habilidades sociais, á vez que se realizan novas aprendizaxes ás que se lles poderá dar difusión ao remate do proceso para que outras aulas, centros ou demais institucións, continúen a traballar na temática. Isto resulta especialmente interesante para que cada vez máis nenos e nenas, familias e a sociedade en xeral, se vaian facendo eco da necesidade de transmitir o galego ás novas xeracións, de respectar e coidar do medio rural e que se valoren e aproveiten as aprendizaxes interxeracionais.

Para que a posta en práctica deste proxecto resulte o máis relevante posible para todos os axentes da comunidade educativa implicados, sobre todo, para os nenos/as, prestarase importancia a que todos e todas sexan protagonistas do proxecto, utilizando e defendendo o uso da lingua galega no día a día da aula. Desta maneira, fomentarase a seguridade dos nenos e nenas galegofalantes por continuar falando na súa lingua e promovendo o seu uso en todos os contextos, sen caer nos prexuízos e estereotipos que tanto afectan ao noso idioma e, á vez, daráselles aos nenos e nenas castelán falantes a oportunidade e os estímulos precisos para adquirir competencias en lingua galega que lles permita comunicarse nela e utilizala igual ca na súa lingua materna.

Para iso, é fundamental mostrar ao alumnado actividades e oportunidades de aprendizaxe que promovan o uso do galego como lingua vehicular e, á vez, que demostren as posibilidades e oportunidades que ofrece o mundo rural. Desta maneira, esas actividades deben resultarlles motivadoras, que esperten a súa curiosidade e interese por participar nelas e que lles fagan relacionar o uso da lingua galega con momentos ou tarefas entretidas e divertidas, así, desenvolverán a súa capacidade lingüística significativamente, e de xeito relevante, ao longo de todo o proxecto. Ademais, é fundamental deseñar prácticas educativas baseadas no gozo para que os nenos e nenas se mostren motivados por continuar aprendendo e desenvolvendo as súas capacidades, á vez, isto implicará que se mostren receptivos/as en futuras propostas.

No referido ao papel docente, como se defendeu ao longo do traballo, os mestres e mestras son os principais referentes do alumnado dentro do centro educativo, polo tanto, deben ofrecer ao alumnado unha versión lingüística coidada para servir como modelo de lingua aos nenos e nenas. Ademais, deben actuar como guías do proceso, velando porque os nenos e nenas

gocen realizando as adaptacións e orientacións oportunas para alcanzar os obxectivos da proposta.

4.8. Actividades

4.8.1. Gorxas bravas que veñen para quedar

Obxectivos:

- Pescudar os intereses e coñecementos previos do alumnado.
- Presentar a proposta didáctica ao alumnado.
- Reflexionar sobre o idioma e a cultura galega a través da canción “Terra” de Tanxugueiras.
- Coñecer referencias de música galega modernas.

Descrición:

Esta primeira actividade do proxecto, tamén chamada actividade inicial, está deseñada co obxectivo de coñecer os intereses dos nenos e nenas relacionados con esta temática e, ao mesmo tempo, pescudar cales son os coñecementos que xa teñen ao redor dela. Para iso, comezase a presentar a temática utilizando a canción “Terra” de Tanxugueiras co alumnado, na aula de psicomotricidade. Para iso, nun primeiro momento, a mestra intentará crear expectación entre o alumnado dicíndolles que durante a sesión van traballar con algo moi interesante, que van coñecer un novo proxecto para aprender, no que participarán persoas importantes para eles/as etc. Despois, explicará aos nenos e nenas que, para comezar a traballar, van a realizar unha actividade na que se converterán en exploradores e deben descubrir a mensaxe que agocha un xeróglifo.

O alumnado das diferentes idades estará dividido en grupos mixtos de entre 4 e 5 nenos e nenas; polo tanto, deberán traballar en equipo, de xeito cooperativo, para dar resolto a mensaxe. O xeróglifo estará composto por debuxos de obxectos e animais ordenados de xeito que as primeiras letras pola que comeza o nome de cada un, forma a palabra “Terra” (véxase Imaxe 5 en Anexos).

Unha vez que todos os grupos descubriron a palabra, instaurárase un diálogo na aula que a mestra guiará formulando preguntas sobre que é a terra, cal é a nosa terra, que características ten o lugar onde vivimos etc. Despois, entre todos e todas, realizarán outro xeróglifo das mesmas características ca o anterior, mais coa mensaxe oculta “Tanxugueiras” (véxase Imaxe 6 en Anexos). A raíz de descubrir a palabra, preguntáraselles aos nenos e nenas

se escoitaron falar algunha vez esta palabra, falaremos sobre o seu significado (lugar onde habitan moitos porco teixos) e presentaremos o grupo de música.

A continuación, os nenos e nenas sentaranse en forma de círculo e a mestra colocará no chan, á vista de todos/as, unhas tarxetas con imaxes que representan palabras galegas características que saen na canción: foliada, serán, pandeireta, aturuxo etc.(Véxase Imaxes 7 e 8 en Anexos) . Despois, lerá a letra (véxase en Anexos) e, cando diga algúns dos termos que está representado nalgunha das imaxes, pediralle ao alumnado que intente dar coa tarxeta que define ese termo. Desta maneira, os nenos e nenas aprenderán novas palabras á vez que comezan a reflexionar sobre a mensaxe da canción. Despois, escoitarán a canción as veces que queiran e poderán bailar e cantar libremente pola aula, levantando as tarxetas cada vez que se nomeen. Ao rematar, volverán sentar en forma de círculo no chan e realizarase unha asemblea (véxase un exemplo en Anexos) onde a mestra volverá a ter o rol de guía para convidar os nenos e nenas a que reflexionen sobre a canción, o que se reivindica nela, sobre a lingua na que está etc. Todo isto co fin de levar o diálogo cara á reivindicación da defensa da fala galega, da cultura e tradición desta terra, animando a que todos os nenos e nenas falen con orgullo en galego, demostrarlles que hai contidos e recursos en galego cos que se poden divertir moito e, á vez, darlles a coñecer grupos musicais galegos que mesturan a tradición coa realidade. Esta actividade servirá para presentar aos nenos e nenas o proxecto e fomentar a súa curiosidade e implicación a respecto da temática.

4.8.2. Hai galego ata na lúa

Obxectivos:

- Pescudar os lugares do mundo de fala lusófona.
- Reflexionar sobre as oportunidades que ofrece un idioma.
- Coñecer trazos característicos doutros países galegofalantes.

Descrición:

Para a realización desta tarefa, o alumnado dividírase en grupos de entre 4 e 5 nenos/as de idades diferentes e repartiráselle a cada grupo un mapa do mundo. No mapa, o concello onde se sitúa o centro aparecerá ampliado e marcado co debuxo dunha escola, a cal os grupos deben buscar coa axuda dunha lupa. Ademais, aparecerán coloreados os lugares de fala lusófona: Galicia, Portugal, Azores, Madeira, Cabo-Verde, Guinea-Bissau, Brasil etc. Nun primeiro momento, deixarase que o alumnado observe con atención o mapa e que reflexionen entre os grupos o que lles parece o mapa e, despois, que expliquen aos demais as hipóteses que teñen sobre o motivo polo que todos eses países están destacados ou se coñecen algún.

A continuación, explicaráselles que eses lugares están destacados no mapa porque falan unha lingua moi semellante ao galego, porque forman parte da lusofonía. Desta maneira, aínda que non falen unha lingua igual ao galego, si falan unha que comparte moitas características coa nosa. Despois, coa axuda do proxector, pescudaremos o nome de cada un deles e, os maiores de cada equipo, escribirán o nome no lugar correspondente dentro do mapa. Despois, coa axuda de plataformas como World Radio Map (<https://worldradiomap.com/espanol>) ou similares, poñeráselles aos nenos e nenas emisoras de radio de outros países para que escoiten linguas como, por exemplo, o portugués. Tamén se pode aproveitar a gran cantidade de contidos que ofrece Internet e poñerlles cancións infantís en portugués como, por exemplo, “Super Fantástico”, do grupo musical infantil Panda e Os Caricias, ou algunha das de Xana Toc Toc, que está tendo moita popularidade en Portugal. Tamén resulta interesante visitar a páxina de Mama Lisa’s World (<https://www.mamalisa.com/?t=sc&c=35>), onde podemos atopar cancións de todos os idiomas e países do mundo para, por exemplo, amosarlle ao alumnado cancións da cultura brasileira como “A Canoa Virou” ou “Bate palminha bate”. Á vez, coa axuda do proxector, poderemos ir buscando imaxes representativas (véxanse Imaxes 9,0,11,12,13,14 e 15 en Anexos) de cada un dos países para coñecer algunhas das súas características máis interesantes, algúns trazos que compartamos coa súa cultura etc. Para finalizar, realizarán entre todos e todas un mural no que se recollan os nomes dos países de fala lusófona, algunhas das fotografías que pescudaron durante o traballo na aula, a letra dalgunha das cancións que lles gustaron...

4.8.3. A viva voz

Obxectivos

- Recompilar obras de tradición oral da comarca.
- Reflexionar sobre o significado dos refráns, frases feitas e/ou expresións populares.
- Aprender coa participación das familias.
- Fomentar vínculos interxeracionais.

Descrición

Para a realización desta actividade, a mestra pedirá a colaboración das familias para que os nenos e nenas compartan tempo cos avós e avoas ou outros maiores coñecidos, co fin de recoller obras de tradición oral como refráns, expresións populares, adiviñas, trabalinguas, frases feitas etc. Así, tanto mediante fotografías, como rexistros escritos, vídeos, ou audios, recompilarase unha marabillosa mostra do patrimonio tradicional da contorna e daráselle valor á voz dos maiores, á vez que fomentamos os vínculos interxeracionais e loitamos por manter ese patrimonio tan valioso. Algunhas referencias que se poden recomendar ás familias tanto

para difundir páxinas que apoiem a cultura tradicional e interxeracional galega como para orientalas no proceso de recollida destas obras, podémolas atopar na páxina de Orella Pendella (<https://orellapendella.gal/blog/>) (véxase Imaxes 16, 17 e 18 en Anexos) ou en Polafías da Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG (<https://www.aelg.gal/Polafias/>) (véxase Imaxe 19 en Anexos).

Despois, organizarase na aula unha sesión para compartir entre o alumnado e as familias as obras recompiladas, podendo representar en directo o que falaron e aprenderon na casa cos maiores ou mostrando os materiais audiovisuais ou fotográficos aos demais. De feito, pódese crear un Padlet que recolla todas as pezas recollidas e animar as familias a que propoñan ditos, refráns, adiviñas etc. no apartado da web de Orella Pendella onde se anima a enviar novos ditos.

4.8.4. Grolíños de vida

Obxectivos

- Traballar sobre o sector primario.
- Utilizar produtos de proximidade para elaborar unha receita.
- Fomentar hábitos alimenticios saudables dende as merendas da escola.
- Coñecer páxinas web con iniciativas gastronómicas en galego.

Descrición

Moitos/as dos alumnos e alumnas teñen unha explotación gandeira na casa ou preto e, de seguro, coñecen a alguén que se dedique a este sector. É interesante que os nenos e nenas da contorna poidan coñecer en profundidade as diferentes tarefas que levan a cabo os gandeiros/as da zona, moitos/as deles/as xa estarán moi familiarizados con este oficio pero, de seguro, aprenderán máis con esta actividade ou comezarán a reflexionar dende novas perspectivas. Ademais, o feito de ir acompañados dos seus compañeiros e compañeiras, así como dos docentes, motivará os nenos e nenas a interesarse máis por este sector e, ao mesmo tempo, fomentarse o sentimento de orgullo. Desta maneira, o obxectivo será facer ver aos nenos e nenas que o sector gandeiro e agrícola son oficios moi importantes tanto para dar alimento á sociedade como coidar dos animais e do medio ambiente, ademais, propiciarase a admiración e respecto pola xente que se dedica a isto e mostrarase este oficio como unha posibilidade futura. Para iso, realizarase un conxunto de tres actividades:

A primeira consistirá nunha asemblea na que participarán todos os nenos e nenas, para garantir que todos e todas participen no diálogo, farase unha en cada aula, separando os cursos pero todos o mesmo día. Realizarase no recuncho da alfombra, sentando o alumnado en forma de círculo e, no centro, a mestra colocará un vaso de leite e unha bandexa de amorodos. Dende

o inicio, escoitarase atentamente ao que os nenos e nenas din e a mestra animará a que se acerquen aos alimentos, que os cheiren, toquen e incluso os proben...Despois, a mestra guiará a conversa mediante preguntas cara a un diálogo arredor do leite, da súa produción, dos diferentes tipos etc. Esta actividade servirá para comezar a traballar sobre a temática, pescudar cales son os coñecementos e intereses dos nenos/as en relación con este tema e, ademais, preparalos para a seguinte actividade.

A segunda actividade consistirá nunha saída extraescolar a dúas granxas veciñas. Alí, os nenos e nenas poderán ver de primeira man o coidado das vacas, tanto das destinadas á produción de leite nunha gandería intensiva, como as destinadas á produción de carne, de forma extensiva. Desta maneira, poderán observar as diferentes características do gando, os mecanismos e procesos de produción do leite (tanto os robots máis modernos como o tradicional), os labores dos gandeiros e gandeiras para coidar dos animais etc.). Tamén poderán ver a plantación e os sistemas de regadío que teñen para o cultivo, o proceso de compostaxe e os seus usos para a agricultura etc. Destas dúas ganderías, traeremos leite e amorodos para o centro, os cales utilizaremos para realizar a terceira actividade. Unha vez esteamos de volta na escola, realizarase unha asemblea onde reflexionarán sobre todo o que viron e aprenderon durante a saída e, cada neno/a, realizará un debuxo que utilizará como apoio visual para explicar aos demais que foi o que máis lle gustou.

A última actividade realizarase na aula onde, coa axuda do ordenador e do proxector, amosaránselle ao alumnado os blogs de “Bolboretas no bandullo” (<http://www.bolboretasnobandullo.com/>) (véxase Imaxe 20 en Anexos) e “Media laranxa” (<https://medialaranxa.fala.gal/>) (véxase Imaxe 21 e 22 en Anexos), estes dous blogs son moi interesantes, porque tanto aportan receitas como outros contidos relacionados coa gastronomía como dicionarios de alimentos ou vídeo-tutoriais de como crear e coidar dunha horta urbana ou pratos doutros países lusos, como Portugal. Deste xeito, son blogs que recompilan e suxiren receitas pero son uns proxectos que se mostran comprometidos coa lingua galega e fan unha importante achega da nosa lingua a Internet. Desta maneira, resulta moi interesante traballar co alumnado este tipo de contidos porque, á vez que gozan e aprenden cociñando, coñecen referencias e proxectos interesantes que apoian e defenden a súa lingua.

Concretamente, para esta actividade convidarase á aula a Noemí, a creadora de Media laranxa, que lles dará aos nenos e nenas unha boa clase de cociña, sendo os nenos e nenas partícipes dun obradoiro de cociña divertido e en lingua galega, naturalizando así o uso desta lingua en tarefas do seu día a día. Noemí explicará a receita que poden elaborar cos alimentos que trouxeron da saída: o batido de amorodos (véxase Imaxe 23 en Anexos). Para iso, o alumnado dividirase en pequenos grupos de entre 4 ou 5 nenos e nenas de diferentes idades,

entre todos/as e coa axuda de Noemí, irán pescudando os produtos que se precisan para elaborar a receita, así como os pasos que deben seguir. A continuación, cada grupo debe coller os produtos que precisa para elaborar a receita. Desta maneira, coa axuda de Noemí e das mestras, todos e todas participarán na elaboración do batido cos produtos de proximidade que trouxeron: lavando os amorodos, quitándolles as herbas, medindo ou contando cantidades, vertendo o leite, batendo etc. Unha vez todos rematen de realizar os batidos, as mestras repartiranos e merendaranos todos/as xuntos.

4.8.5. Feira de oficios

Obxectivos

- Coñecer os oficios tradicionais da comarca.
- Ampliar o vocabulario con termos relacionados con aparellos e útiles de traballo tradicionais.
- Valorar o traballo dos nosos maiores e as súas ensinanzas.
- Visitar e coñecer as posibilidades do Museo do Pobo Galego

Descrición

Para a realización desta actividade precisarase da colaboración das familias e da veciñanza da escola, sobre todo, dos maiores. A súa posta en práctica consistirá en representar unha “feira” no patio do centro, con recunchos destinados a cada oficio tradicional onde o alumnado poida coñecer o labor de cada profesional e experimentar con algúns aparellos ou ferramentas. Desta maneira, sería oportuno contar coa presenza dalgún canteiro/a que lle amose ao alumnado a arte de labrar a pedra e algunhas ferramentas como o cicel, tamén algún zoqueiro que represente o talle da madeira para elaborar zocas, algún afiador que amose o seu traballo etc. Ademais, elaborárase un “diccionario labrego” no que se irán recollendo termos propios do patrimonio léxico desta zona que designen o nome de ferramentas, aparellos, partes do campo...coas fotografías correspondentes e agrupándoas segundo o oficio ao que pertencen.

Despois, co fin de que traballar con esta temática resulte o máis relevante posible para o alumnado, realizaremos unha saída extraescolar ao Museo do Pobo Galego (<http://museodopobo.gal/>), onde os nenos e nenas poderán observar unha chea de ferramentas, obxectos e aparellos artesáns que se empregaban nos oficios do pasado e que, nalgúns casos, aínda se conservan para aprender deles e, por conseguinte, coñecer máis sobre as nosas raíces e cultura (véxase Imaxes 25 e 26 en Anexos). Para iso, primeiro presentaráselles a idea na aula despois de realizar unha lectura en común do “diccionario labrego”. Deste xeito, diráselles aos

nenos e nenas que van a ir ao Museo do Pobo Galego para aprender moito máis sobre esta temática e non só sobre os oficios da nosa contorna, senón de toda Galicia.

Unha vez cheguen ao Museo, realizarán unha visita guiada e adaptada a eles por parte do persoal que traballa alí. Primeiro, centraranse en ver as exposicións de Oficios e do Campo, despois, realizarán unha das actividades guiadas que ofrece no seu programa “Coscobellos ao cesto”, que consiste nun xogo que ten como finalidade achegar aos nenos e nenas máis pequenos/as ao mundo simbólico galego (véxase Imaxe 24 en Anexos).

Finalmente, entre todos/as, realizarán unha pequena asemblea onde falarán sobre o que máis lles gustou, se atoparon no museo algunhas das ferramentas ou aparellos que había na Feira de Oficios que se organizou na escola, se puidesen volver ao pasado a que lles gustaría dedicarse etc.

4.8.6. Moita vida nas Fragas

Obxectivos

- Realizar unha andaina polas Fragas do Eume.
- Coñecer o nome de animais, aves e plantas que habitan na fraga.
- Coñecer as partes dun río.
- Valorar as potencialidades da natureza e do medio rural.

Descrición

Para a realización desta actividade comezaremos por pescudar información sobre os diferentes tipos de aves e animais que habitan nas Fragas do Eume así como as diferentes árbores e plantas que caracterizan este contorno, por exemplo: xabaril, raposo, bexato, xílgaro, carballo, loureiro, bidueiros...Para recompilar a información, iremos realizando unhas “fichas” (véxanse exemplos en Imaxes 27 e 28 en Anexos) entre todos/as onde apareza o nome e unha fotografía que represente eses elementos máis importantes da fauna e flora das Fragas co fin de elaborar unha guía.

Despois, iremos ás Fragas do Eume, onde realizaremos unha pequena ruta de sendeirismo pola zona do Mirador da Carbueira, onde os nenos e nenas poderán observar o leito do río Eume e unha gran chea de árbores (véxase Imaxe 29 en Anexos). Durante a andaina, repartirase a cada grupo de 4 ou 5 alumnos/as un pequeno cuestionario onde apareza a imaxe e o nome das especies máis comúns de fauna e flora das Fragas que traballaron na aula, cun espazo onde deben marcar se a viron ou non (véxase Imaxe 30 en Anexos). A esta actividade poderán asistir as familias, que irán acompañando os nenos e nenas durante a andaina e

axudándolles a atopar as especies de plantas que se traballaron na aula e se recompilaron na guía, así como a identificar os diferentes animais e aves que poidan ver durante o camiño.

4.8.7. Augas doces e pan quente

Obxectivos

- Descubrir o funcionamento dun muíño.
- Desenvolver valores relacionados co coidado e o respecto polos elementos da contorna.
- Coñecer as partes dun río e os medios para a produción de enerxía.

Descrición

Esta actividade comezará coa realización dunha asemblea na aula onde se lle mostrará ao alumnado unha cunca cunha pouca fariña e comezase a falar sobre o proceso de produción deste alimento, dos seus usos para a alimentación etc. A raíz diso, amosaráselle ao alumnado a foto de dous dos moitos muíños tradicionais que se atopan ás beiras dos ríos da zona (véxase Imaxe 31 en Anexos). A partir de aí, traballaremos sobre o río, destacando a presenza do Eume que viron durante a saída da actividade “Moita vida nas Fragas”, pero tamén intentaremos situar outros importantes que rodean e pasan pola zona como o Lambre, o Dez etc. Ademais, traballarase sobre os avances destes muíños, sobre o aproveitamento da auga para producir electricidade nas centrais hidroeléctricas e nos aeroxeneradores que aproveitan o aire para xerar electricidade (véxase Imaxe 32 en Anexos).

Despois, elaboraremos uns boliños preñados entre todos no comedor escolar e desprazarémonos ata un muíño que está moi preto da escola ,e tamén pasaremos pola Central Hidroeléctrica e iremos a merendar ao Mirador de Pico de Vales, dende o que se pode observar una serra que está chea de aeroxeneradores. Convidarase ás familias a que participen na actividade aportando os seus coñecementos e ideas. Ademais, para facer que a actividade resulte moito máis interesante, na visita ao muíño, contaremos coa axuda dun veciño, que era dono dun deses muíños e coñece á perfección o seu funcionamento, el explicará como se aproveitaba o caudal do río para moer o millo e producir a fariña. Ademais, animarase ás familias a que realicen a Ruta dos Muíños (<http://www.queverengalicia.com/2016/10/senderismo-ruta-dos-muinis-do-riomedio.html>) cos seus fillos/as, e durante a súa realización poderán observar varios muíños tradicionais

Deste xeito, sería interesante que despois os nenos e nenas nos conten a súa experiencia e amosen fotografías na aula. Así, á vez que realizan unha agradable actividade en familia, o alumnado coñecerá máis exemplos de muíños, poderán observar a súa distribución seguindo o leito dos ríos, estar en contacto coa natureza, sentirse protagonistas e visualizar, xunto coa súa

familia, o que traballaron na aula, á vez que coñecen as posibilidades que lles ofrece o seu contorno.

Unha vez volvamos á aula, realizarase unha asemblea onde compartirán a súa experiencia e concienciarase ao alumnado sobre a necesidade de coidar e respectar dos elementos da natureza, destas construcións etc. Finalmente, entre todos e todas, crearase unha exposición de fotografías reivindicando a conservación destes muíños e animando a toda a comunidade educativa a que explore as posibilidades do medio natural e investigue sobre se hai ou non muíños na súa zona xa que, moitos deles, están ocultos pola maleza.

4.8.8. Versos e vínculos

Obxectivos

- Desenvolver actitudes de coidado e respecto polos maiores.
- Recoller obras musicais de tradición oral galega.
- Compartir e aprender de xeito interxeracional.
- Coñecer e experimentar con diferentes instrumentos musicais.

Descrición

Esta proposta consiste nun proxecto de Aprendizaxe-Servizo entre os nenos e nenas de Educación Infantil e os maiores do Centro de Día que está próximo á escola. A idea principal é que o alumnado comparta varias xornadas no centro cos maiores nas cales aprendan da experiencia dos usuarios e usuarias, tanto cantigas como lendas, contos ou poesías e, á vez, que os maiores se animen e gocen coa visita dos pequenos/as. Ademais, será oportuno contar coa colaboración da banda de música municipal para que aporte os seus instrumentos, a súa voz e a súa música á actividade.

En canto á organización, esta actividade dividirase en dúas sesións: durante a primeira, farase un xogo de presentación no que cada participante terá un globo dunha cor (haberá dous globos por cada cor) e anotará nel o seu nome, soará música e todos/as deben soltar o seu globo polo aire e bailar. Cando remate a música, cada un/unha debe coller un globo e intentar buscar a persoa que ten o globo da mesma cor co nome que corresponde. Unha vez a atopen, deben continuar bailando con ela. Despois, a banda de música fará unha presentación a todos os participantes dos instrumentos que tocan, que son tradicionais galegos como a pandeireta, a gaita, o bombo...(véxanse Imaxes 34, 35 e 36 en Anexos), deixarán que experimenten con coidado con eles e, despois, cantarán e bailarán entre todos/as pezas de tradición oral galega, sobre todo, cantigas de berce como “Pedro Chosco” ou con contidos infantís, tanto aquelas que os nenos e nenas xa coñeceron na actividade de “A viva voz” como outras novas.

Na segunda sesión, os maiores do centro de día serán os que visiten o alumnado de Educación Infantil. Organizarase un espazo na biblioteca e, desta vez, os maiores traerán unhas poesías creadas por eles/as mesmos/as que elaboraron previamente no centro de día coa axuda das súas monitoras e que lles lerán aos máis pequenos e pequenas, tamén contarán algunha historia ou anécdota divertida.

Todas as poesías, cantigas, lendas e anécdotas quedarán filmadas para despois reunilas empregando a plataforma Padlet.

4.8.9. A pé de campo

Obxectivos

- Mellorar a psicomotricidade dos nenos e nenas.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Demostrar as posibilidades de diversión que hai no campo.
- Coñecer e participar en xogos tradicionais

Descrición

Esta actividade consiste na realización dunha sesión de psicomotricidade onde se traballará utilizando, principalmente, materiais naturais e/ou ferramentas do campo á vez que se realizan xogos tradicionais, podendo utilizar ideas para realizar o seu deseño nas propostas da Rede Galega do Xogo Tradicional “Brinquedia” (http://brinquedia.net/web/?page_id=8).

A actividade levarase a cabo no patio exterior do centro educativo, alí, o alumnado de Educación Infantil terá programados diferentes recunchos con actividades populares dinámicas e lúdicas. Cada recuncho estará destinado a un xogo: un deles será para bailar o peón (véxase Imaxe 37 en Anexos), outro para xogar ás chapas (véxase Imaxe 38 en Anexos), tamén haberá un espazo destinado á mariola (véxase Imaxe 39 en Anexos), outro para realizar unha carreira con sacos de penso (véxase Imaxe 40 en Anexos) e outro para tirar da corda (véxase Imaxe 41 en Anexos). Ademais, destinarase un gran espazo no patio para crear un circuío de obstáculos, onde os participantes primeiro deberán subir e baixar tres pacas, facer zigzag entre catro caldeiros de auga, encher unha botella de plástico coa auga dun dos caldeiros e intentar levala na cabeza (imitando unha sella) mentres pasan por un estreito camiño delimitado por leña, por último, coller un croio e intentar encestalo nunha carretilla (véxase Imaxe 42 en Anexos).

Para realizar a actividade o alumnado dividirse en grupos mixtos que irán rotando polos diferentes recunchos, co obxectivo de que todos e todas poidan realizar cada unha das tarefas. Cando todos/as pasen polos diferentes recunchos, realizarán todos xuntos o xogo

musical “A pulga na palla” (<https://www.youtube.com/watch?v=e12VfSVaUI8>). Ademais, poderán participar as familias durante toda a sesión.

4.8.10. As nosas raíces

Obxectivos

- Traballar cos topónimos da zona.
- Coñecer en profundidade as características e bens do contorno.
- Defender a identidade rural.
- Reivindicar o uso da lingua galega.

Descrición

Esta sería a actividade final do proxecto, polo tanto, un dos seus principais obxectivos e recoller e reflexionar sobre todo o traballado ao longo das sesións co fin de elaborar un produto final e coñecer os beneficios que tivo a súa posta en práctica para o alumnado e a comunidade en xeral.

Para comezar, dividirase ao alumnado segundo a zona na que habitan, quedando compostos grupos de nenos e nenas que viven na mesma parroquia ou en lugares de preto. Pedirase a colaboración das familias, xa que foron un axente importante que participou ao longo da proposta e servirán de gran axuda para dar fin á proposta. Así pois, a primeira tarefa que farán será reunir a maior cantidade posible de topónimos da súa zona, intentar pescudar o seu significado ou a razón de chamarse así e situalos nun mapa que lles ofrecerá a mestra. Para iso, poden axudarse co buscador Nomenclátor (véxase Imaxe 42 en Anexos), da páxina de Toponimia da Xunta de Galicia, (https://www.xunta.gal/nomenclator?langId=gl_ES).

Por outra banda, ademais dos topónimos de cada lugar, deben prestar atención ás posibilidades e centros de interese da súa contorna para promocionalos, para iso, á idea é que os nenos e nenas coas súas familias saian aos montes, aos ríos, aos camiños e igrexas, que visiten negocios e oficios locais etc., que pregunten aos maiores sobre experiencias, ditos sobre xente de certos lugares (véxase Imaxe 44 e 45 en Anexos), cantigas, celebracións e anécdotas da zona, co fin de descubrir todas as características e historia de cada zona. Todo isto, en conxunto entre as familias de cada zona, fomentando así tamén os vínculos sociais e afectivos entre a veciñanza de distintas xeracións.

Durante todo o proceso, deberán ir recollendo fotografías, vídeos, audios...e, finalmente, coa axuda das docentes e de todo aquel que queira axudar, elaborárase un vídeo que resuma o proxecto, que promociione o contorno rural do centro, defenda o uso da lingua

galega, demostre o potencial das aldeas do rural, recolla a sabedoría dos maiores, o entusiasmo dos nenos/as, o testemuño das familias, a satisfacción da veciñanza e, en definitiva, a viva voz do rural.

4.9. Avaliación

O Decreto 330/2009 establece que a avaliación debe ser unha práctica habitual e permanente do profesorado, co fin de recadar datos que faciliten a toma de decisións á hora de intervir co fin de mellorar os procesos de ensino e aprendizaxe. Así pois, establécese que a avaliación debe ser global, o que quere dicir que se avaliarán todos os compoñentes que interveñen no proceso así como o conxunto de competencias e capacidades ás que se debe atender, tendo en conta o contorno e as características do alumnado. Á vez, o proceso de avaliación debe ter un carácter continuo, xa que se debe dar ao longo de todo o proceso, recadando toda a información que sexa relevante e, todo isto, cun fin formativo, para regular e orientar a ensinanza co fin de mellorar os procesos e, como consecuencia, os resultados, e así poder sacar o maior proveito posible.

Para recadar toda a información acadada, os/as docentes deben basearse na observación directa e diaria ao alumnado e ir realizando anotacións nun diario de aula para que os datos máis relevantes queden recollidos. Isto é especialmente importante para avaliar esta proposta xa que, o realmente interesante, é avaliar de forma cualitativa todos os aspectos desta proposta, tanto o alumnado en si como a propia proposta ou a labor docente.

Deste xeito, no referido ao proceso de aprendizaxe do alumnado, grazas á realización da primeira actividade “Gorxas bravas que veñen para quedar”, realizarase unha avaliación inicial onde se recollerán os coñecementos dos que parten os nenos e nenas á hora de comezar co proxecto, tamén se terán en conta os seus intereses para guiar a práctica e elaborarse unha táboa de ítems cos obxectivos que se queren acadar con respecto ao desenvolvemento do alumnado. Durante a posta en práctica da proposta, as mestras irán recollendo a información máis relevante no diario de aula e, finalmente, para comprobar se se acadaron os obxectivos previstos en canto á aprendizaxe dos nenos/as, cubrirase a táboa de ítems (véxase Táboa 6 en Anexos).

Para avaliar a proposta, elaborarse outra táboa de ítems (véxase Táboa 7 en Anexos) onde se avaliará se esta foi adaptada ás necesidades, tanto do alumnado como do contorno en xeral, tamén se estivo ben adaptada ao currículo, se os contidos e os obxectivos se traballaron de forma axeitada etc.

En canto ao papel das mestras, é importante que se avalíe para poder identificar os seus acertos e erros e entender as súas causas, co fin de adaptar a propia labor para mellorar. Para iso, os nenos e nenas serán os que avalíen o papel das docentes. Para iso ofreceráselles un

cuestionario coa fotografía de cada mestra e terán que marcar nun semáforo a cor que queren darlle en relación á súa satisfacción coa labor destas. Así mesmo, non hai mellor xuíz que un mesmo, polo que as mestras deben auto-avaliar o seu traballo cubrindo outra táboa de ítems (véxase Táboa 8 en Anexos).

Por último, posto que nesta proposta didáctica a colaboración das familias ten moita importancia, tamén asumirán un papel á hora de avaliar. Desta maneira, pediráselles a todas as familias que dean un “feedback” construtivo da proposta ás mestras, para iso, enviaráselles un correo pola aplicación Abalar onde deben puntuar do 1 ao 10 o proxecto e cubrir un cuestionario que integrará os diferentes aspectos e servirá para coñecer o seu punto de vista sobre as súas intervencións ao longo do proxecto (véxase Táboa 9 en Anexos).

5. Conclusións

Ter que realizar un traballo que dese fin a catro longos anos universitarios cheos de vivencias, novos mestres, compañeiros e aprendizaxes que me fixeron medrar tanto como profesional como persoa, foi un reto que me fixo sentir que debía estar á altura e dar o mellor de min. Por iso, non podía máis que intentar enfocalo a unha temática coa que me sentise realmente comprometida, esforzarme por aportar o meu potencial e non, non dubidei nin tan sequera un segundo, cando tiven a posibilidade de escoller, souben perfectamente a que había dedicar o que espero sexa o meu último paso no grao: á miña voz.

A lingua vai moito máis alá de ser un medio de expresión e comunicación, a lingua forma parte do que somos, de onde vimos, acompañanos dende o primeiro minuto de vida, aférrase á nosa gorxa e aos nosos sentidos, é o recordo da risa dos que xa non están, a alegría dos que botan as súas primeiras palabras. E eu tiña claro que o meu traballo debía enfocarse cara ó coidado da lingua que me viu medrar, á fala da xente que máis quero: o galego. Ao mesmo tempo, sentíame comprometida a aportarlle ao rural algo de min, unha axuda-o famoso gran de area-, porque foi a base dos meus primeiros pasos, o medio que viu medrar os meus pais e tíos, a terra que salvou da fame aos meus avós.

De aí que a miña intención con este traballo fose realizar unha aportación cara á defensa da lingua galega e para promover e reivindicar o valor das aldeas do rural. Analizar en profundidade a situación non foi unha tarefa sinxela, non é doado ver que un idioma que significa tanto para ti está a sufrir menosprezos que o intentan conducir á súa desaparición e é triste deixar de escoitalo nas conversas dos maiores cos máis pequenos, mais tamén foi gratificante pescudar alentadoras iniciativas e proxectos que loitan por darlle ao galego o lugar que merece. É un orgullo ser consciente da forza que teñen as raíces da nosa terra para

aferrarnos a ela coa morriña, que se escoiten nomes como Anxo ou Erea nas aulas e que falar galego se estea a “poñer de moda”.

O camiño non foi sinxelo nin todo resultou motivador, houbo momentos nos que a presión e o medo a fallar semellaba querer vencer o meu entusiasmo por facer algo meu, foi aí cando grazas á confianza da miña titora (á cal admiro pola súa gran vocación, o entusiasmo que pon no seu traballo, o xeito que ten de coidar a relación co alumnado...o que fixo que quedase marcada na miña etapa universitaria como a referencia do que aspiro a ser) volvíñ a coller folgos para pescudar a información máis relevante, defender a necesidade de normalizar o galego dende unha perspectiva positiva e crear unha proposta interesante e eficaz destinada ao que para min é o tesouro máis bonito da nosa sociedade: os nenos e nenas.

Finalmente, podo dicir que estou satisfeita, escollín unha temática que me identifica e me fai recordar a base de todo o que son, da xente que me acompaña, aportei todo o meu potencial para loitar pola súa defensa dende o ámbito profesional ao que aspiro e, me leve cara a onde me leve o sendeiro do meu futuro, teño moi claro que non me vou avergoñar nunca máis de onde veño, porque é unha sorte poder medrar no medio rural. Débollo aos meu pais, á miña xente e, sobre todo, a min. Ademais, reivindicarei sempre a normalización da fala galega, porque temos dereito a coidar da lingua galega, porque queremos, debemos e porque nos peta. E isto non fai máis que motivarme cara ao camiño de ser unha mestra de infantil comprometida e referente, que anime o seu alumnado a cantar, bailar, rir, chorar, borboriñar e berrar en galego. Se se perde a nosa lingua perdemos cultura, tradición, diversidade...perdemos moito e perdemos todos/as, ata aqueles que din odiala e non a usan.

6. Relación de fontes documentais

- A Mesa pola Normalización Lingüística. (2015/2016). *Informe sobre a lingua galega na Educación Infantil de 3 a 6 anos no curso 2015/2016*. <https://www.amesa.gal/wpcontent/uploads/estudo-educacion-infantil-7-cidades-2015-final-pdf.pdf>
- A Mesa pola Normalización Lingüística. (2016/2017). *A Lingua Galega na Educación Infantil de 3 a 6 anos*. <https://www.amesa.gal/wp-content/uploads/informeinfantildef5-pdf.pdf>
- Andúgar Soto, A., Tabuena Cuevas, M. e Mondéjar Fuster, M. D. (2015). Aprendizaxe por proxectos: formación do profesorado de Infantil. En M. T. Tortosa Ybáñez, J. D. Álvarez Teruel e N. Pellín Buades (Coords), *XIII Jornadas de Redes de Investigación en Docencia Universitaria: novas estratexias organizativas e metodolóxicas na formación universitaria para responder a la necesidade de adaptación e cambio* (pp. 330-339). Alicante. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5178863>
- Besada, M. (2016). Chámame, fálame. Campaña para a transmisión da lingua. *Revista Galega de Educación. A lingua na Educación Infantil* (nº65), 24-26.
- Cassany, D., Sanz, G. e Luna, M. (2007). *Enseñar lingua*. Editorial Graó.
- Consello de Europa. (1992). *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias*. Estrasburgo. https://www.mptfp.gob.es/dam/es/portal/politica-territorial/autonomica/Lenguas-cooficiales/Consejo-Europa-Carta-lenguas/Carta-Europea-de-Lenguas-Regionales-y-Minoritarias/Carta_Europea_Lenguas_ingles.pdf#page=1
- Consello da Cultura galega (2009, 23 de xuño). Apróbase o decreto que regula a Educación Infantil en Galicia. <http://consellodacultura.gal/noticia.php?id=1762&tipo=noticiaarquivo>.
- Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo. *Diario Oficial de Galicia*. Santiago de Compostela. 29 de xuño de 2007, núm. 125.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*. Santiago de Compostela. 23 de xuño de 2009, núm. 121.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*. Santiago de Compostela. 27 de maio de 2010, núm. 97.
- DoCampo, X. (2015). Non hai inocentes. *A letra miúda. Revista de sociolingüística da CGENDL*, 6.

http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/web/coordinadoraendl/aletramiuda/artigos/art5_n6.pdf

Escoriza, L. (2020). Planificación lingüística y desarrollo de las lenguas minoritarias. *Revista de Filología Hispánica* 37(nº2) 547-566. <https://doi.org/10.15581/008.37.2.547-66>

Fernández Paz, A., Lorenzo Suárez A. M. e Ramallo, F. (2007). *Guía para a Planificación Lingüística nos centros educativos*. Xunta de Galicia. https://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?folderId=1647069&name=DLFE-8981.pdf

Formoso Lado, X. A. (2016). Alí, recursos en galego para a Educación Infantil. *Revista Galega de Educación. A lingua na Educación Infantil* (nº65) 21-23.

Freixeiro Mato, X. R. (2014). A lingua tiveran por lingua d'escravos. O autoodio como concepto sociolingüístico. *Estudos de lingüística galega* 6, 117-137. <https://revistas.usc.gal/index.php/elg/article/view/1841>

Instituto Galego de Estatística. (2019). *Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego*. https://www.ige.eu/estatico/html/gl/OperacionsEstruturais/PDF/Resumo_resultados_EEF_Galego_2018.pdf

Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia. *Boletín Oficial do Estado*. Madrid. 28 de abril de 1981, núm. 101.

Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. *Diario Oficial de Galicia*. Santiago de Compostela. 14 de xullo de 1983, núm. 84.

Lorenzo Suárez, A.M. (2009). A situación actual da lingua galega: unha ollada desde a sociolingüística e a política lingüística. *Galicia 21: Revista de Estudos Galegos Contemporáneos* (nº1) 20-39. http://www.galicia21journal.org/A/pdf/galicia21_3_lorenzo.pdf

Monteagudo García, D. (2016). Las implicaciones didácticas de los estereotipos y percepciones del espacio geográfico. En Alanís Falantes, L., Almuedo Palma, J., Oliveira Neves, G., Iglesias Pascual, R. e Pedregal Mateos, B. (Eds.), *Nativos digitales y geografía en el siglo XXI: Educación geográfica y estilos de aprendizaje*. (pp.560-574). <https://cutt.ly/WJ3U2Wn>

Núñez, S. (2017). *Sacar a lingua é de mala educación*. Editorial Galaxia.
Panda e Os Caricas. (1 de outubro de 2021). *Super Fantástico* [Vídeo]. Youtube. <https://www.youtube.com/watch?v=oD4Y-I1WeCk>

Rinoceronte Editora. (29 de xullo de 2015). *A lingua dos nenos* [Vídeo]. Youtube. <https://www.youtube.com/watch?v=528FYntbLaQ>

Rodríguez, C. (11 de xuño de 2013). *A Pulga na Palla* [Vídeo]. Youtube.

<https://www.youtube.com/watch?v=e12VfSVaUI8>

Sánchez, A. (s.d.). As claves de por que o galego é invisíbel en Internet. *Orgullo Galego*

<https://orgullogalego.gal/por-que-o-galego-e-invisibel-en-internet/>

Tanxugueiras (21 de decembro de 2021). *Terra* [Vídeo]. Youtube.

<https://www.youtube.com/watch?v=6At10g4UlmE>

Tusón, J. (1990). *Mal de Linguas*. Edicións Positivas.

Vidal Barral, N. (2016). Na procura da socialización en galego da infancia. O proxecto Apego.

Revista Galega de Educación. A lingua na Educación Infantil (nº65) 46-50.

Xunta de Galicia. (2004). *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega*.

https://www.lingua.gal/c/portal/layout?p_1_id=1639628&content=contido_0001.html

7. Anexos

Uso habitual e inicial do galego no ano 2018

Franxa de idade	Sempre galego	Máis galego ca castelán	Máis castelán ca galego	Sempre en castelán
5-14 anos	14,27%	11,85%	29,75%	44,13%
15-19 anos	18,94%	18,45%	30,75%	31,86%
30-49 anos	23,66%	20,64%	28,25%	27,45%
50-64 anos	32,78%	25,35%	21,51%	20,36%
Máis de 65 anos	48,48%	24,91%	12,96%	13,65%

Táboa 1. Fonte: IGE 2019

Uso do galego no ámbito social no ano 2018

Ámbito social	En galego sempre	Máis galego ca castelán	Más castelán ca galego	En castelán sempre
Amigos	34,12%	17,96%	20,60%	27,32%

Comerciantes	30,27%	19,14%	21,34%	29,25%
Médicos	27,88%	18,22%	19,82%	34,07%
Profesores dos seus fillos	23,48%	15,81%	21,31%	39,40%
Persoal da administración	29,30%	20,37%	19,76%	30,57%
Persoal da banca	28,74%	17,92%	19,32%	34,02%


Táboa 2. Fonte: IGE 2019

Uso do galego no ámbito laboral no ano 2018

Ámbito laboral	En galego sempre	Máis galego ca castelán	Máis castelán ca galego	En castelán sempre
Compañeiros de traballo	29,57%	18,61%	23,90%	27,92%
Persoal ao seu cargo	24,54%	18,90%	24,78%	31,78%
Superiores	25,08%	17,71%	21,86%	35,35%
Clientes	21,76%	25,92%	28,70%	23,63%

Táboa 3. Fonte: IGE 2019

Idioma nas aulas. Conxunto 7 cidades



Táboa 4. Fonte: Mesa pola Normalización Lingüística (2015/2016)

Intervalo de poboación até 5000 habitantes



Táboa 5. Fonte: Mesa pola Normalización Lingüística (2016/2017)

ÍTEMS DE AVALIACIÓN

Ítems de avaliación do alumnado

Ítem de avaliación	Non	En proceso	Si
Mostra interese por participar no proxecto			
Expresa os seus intereses de forma clara			
Aporta ideas e hipóteses			
Participa de xeito activo na posta en práctica do proxecto			
Utiliza o galego como lingua vehicular			

É consciente da necesidade e dos beneficios que ten falar en galego			
Coñece outros países de fala lusófona			
Colabora cos seus compañeiros e compañeiras			
Respectou as quendas de palabra			
Mostra respecto polos axentes externos á aula que participan no proxecto			
Respecta o medio ambiente			
É consciente das posibilidades e características da súa contorna			
Aprende obras de tradición oral			
Goza coa realización das actividades			
Valora a lingua galega como elemento de identidade e cultura			
Móstrase interesado por interactuar cos maiores e aprender deles			

Táboa 6. Fonte: elaboración propia

Ítems de avaliación da proposta

Ítem de avaliación	Non	Si
Está adaptada ás necesidades da contorna		
Está adaptada ás características e intereses dos nenos e nenas		
Os contidos obedecen ao currículo lexislativo		

Contribúe ao desenvolvemento das diferentes competencias		
Os obxectivos son claros		
As actividades resultan interesantes e están adaptadas a todo o alumnado		
Respecta os ritmos de cada neno/a		
Integra ás familias de forma eficaz		
Fomenta o traballo en equipo		
Os materiais e recursos son adecuados		
Obtivo os resultados ou melloras que se esperaban		

Táboa 7. Fonte: elaboración propia

Ítems de avaliación para os docentes

Ítem	Non	Si
Expresase con claridade		
Actúa como referente lingüístico en galego		
Corrixo os castelanismos		
É quen de motivar os nenos/as e fomentar o seu interese		
Adapta o proceso de ensino ás necesidades		
Facilita a colaboración das familias e doutros axentes externos		
Ítem	Non	Si
ao centro		
Organiza os materiais e espazos de xeito correcto		
Móstrase aberto a suxestións		
Actúa como guía, tratando como protagonistas aos nenos e nenas		
Organiza con tempo as saídas extraescolares		

Mantén un contacto activo coas familias		
Móstrase disposto/a a colaborar con outros docentes e demais profesionais		

Táboa 8. Fonte: elaboración propia

Cuestionario de avaliación do proxecto para que cubran as familias

Pregunta	Explica a túa resposta
- Pensas que o proxecto resultou adecuado ás necesidades da lingua galega, promovendo e defendendo o seu uso?	
- Cres que o proxecto reivindica e aproveita o valor do rural galego?	
- Consideras que o teu fillo/filla aprendeu e gozou durante o proxecto?	
- Gustouche participar nas actividades?	
- Estás satisfeito/a co labor dos/das docentes?	
- Consideras que o proxecto foi interesante e relevante para o alumnado?	
- Pódesnos aportar algunha idea ou suxestión para mellorar? Cal?	
Puntúa do 1 ao 10 a túa satisfacción con respecto a este proxecto.	1 2 3 4 5 6 7 8 9 10

Táboa 9. Fonte: elaboración propia

Contidos de difusión e recursos en galego



Imaxe 1. Fonte: *Facemos lingua con axuda*

Proxecto “Chámame, fálame”



Imaxe 2. Fonte: *Departamento de Lingua do Concello de Santiago*

Algúnhas actividades do Proxecto Apego



Imaxe 3. Fonte: Departamento de Lingua do Concello de Santiago

Alí, recursos en galego para a Educación Infantil



Imaxe 4. Fonte: Páxina web Aliali de Fabaloba

Materiais para a secuencia de actividades

- **Actividade 1.** Gorxas bravas que veñen para quedar.

Xeróglifo da palabra Terra

1. Táboa	2. Esbirro	3. Rato	4. Raposo	5. Aguiá
----------	------------	---------	-----------	----------



Imaxe 5. Fonte: Elaboración propia e Google fotos.

Xeróglifo da palabra Tanxugueiras

1 Terra	2 Amorodo	3 Noz	4 Xoaniña	5 Unlla	6 Gorxa
					
7 Uvas	8 Estoxo	9 Iogur	10 Reloxo	11 Abella	12 Solpor
					

Imaxe 6. Fonte: Elaboración propia e Google fotos.

Tarxetas para traballar palabras da canción

FOLIADA



Imaxe 7. Fonte: Elaboración propia e Google fotos.

ATURUXO



Imaxe 8. Fonte: Elaboración propia e Google fotos.

Letra da canción “Terra” de Tanxugueiras

Ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la-ah

Ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la-la

Ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la

Ai-la-ra-la-la

Esta noite hai **foliada**, esta noite hai **serán**

Agárdoche no **terreiro**, compañeiriña leal

Compañeiriña leal, compañeiriña leal

Esta noite hai foliada

Para cantar veño eu coa **pandeireta** na man

Aturuxa canda min, que nos escoiten berrar

Que nos escoiten berrar, que nos escoiten berrar

(Coa pandeireta na man)

Ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la-ah

Ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la-la

Ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la

Non hai fronteiras

Canta ti, cantarei eu, co xeito das nosas nais

Festexaremos a vida da xente que está a bailar

Da xente que está a bailar, da xente que está a bailar

Co xeito das nosas mans

Ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la-ah

Ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la-la

Ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la

Ez dago mugarik

Ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la-ah

Ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la-la

Ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la

No hi ha fronteres

Aí veñen, aí veñen, veñen pra quedar

Esas **bravas** gorkas de fondo cantar

De fondo cantar, de fondo cantar

Aí veñen, aí veñen, veñen pra quedar

Veñen pra quedar, veñen pra quedar, veñen pra quedar

Veñen pra quedar, veñen pra quedar

Veñen pra quedar, pra quedar, pra quedar, pra quedar

Veñen pra quedar, veñen pra quedar

Veñen pra quedar

Ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la-ah

Ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la-la

Ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la

No hi ha fronteres

Ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la-ah

Ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la-la

Ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la, ai-la-ra-la-la

No hay fronteras

Suxestións de preguntas que pode formular a mestra

- En que lingua está esta canción? E vos en que idioma falades?
- Adoitades escoitar a vosa lingua noutra xente? E onde a oídes?
- Que música escoitades? Está en galego?
- Sabedes doutros grupos musicais que canten en galego?
- E o castelán, sabédelo falar?
- Credes que hai máis xente que fala castelán ou galego?
- Sabedes que unha lingua vai moito máis alá de ser un xeito de falar ou escribir?
- As vosas familias que idioma falan? E os vosos amigos e amigas?
- Falades en galego en todos os sitios?
- E na tele, os debuxos animados que vos gustan en que lingua falan?

➤ **Actividade 2.** Hai galego ata na lúa

Imaxes que representen países de fala lusófona e algunhas das súas características:

Portugal



Imaxe 9. Fonte: Google fotos



Imaxe 11. *Fonte: Google fotos*
Brasil



Imaxe 12. *Fonte: Google fotos*



Imaxe 13. *Fonte: Google fotos*

Mozambique



Imaxe 14. Fonte: Google fotos



Imaxe 15. Fonte: Google fotos

➤ **Actividade 3.** A viva voz

Exemplos de obras de tradición oral galega

Santa María (varias versións)

★ Novo

Santa Lucía,
morreu miña tía.
Dáballe papas,
non as quería.
Dáballe leite,
que ben o lambía.

Carapuchiño estaba na
cama (varias versións)

★ Novo

Pedriño Chosco estaba na cama.
Entráballe o sol por unha "ventana"
e pola outra entráballe o vento.
Pedriño Chosco estaba contento.

Manxurriña, manxurriña
(varias versións)

Manxurriña, manxurriña,
come pan e ceboliña
¿Ves o gato no unto?
Escapa que che apunto.

Imaxe 16, 17 e 18. Fonte: Páxina web Orella Pendella

Tres adiviñas



Polafía: **Narla-Friol (Lugo)**
 Lugar: Museo Etnográfico de San Paio de Narla
 Data: 22 de novembro de 2008
 Informante/Intérprete: **José Antonio Barreiro Villar**
 Idade no momento da gravación: 53 anos
 Xénero: **Adiviña**
 Gravado por: Olo de Vidro
 Editado por: e-xenio

Puntuación: ★★★★★
 3716 reproducións desde o 14 de outubro de 2015

Votos: 25

▶ **Texto transcrito**
 ▶ **Vídeos relacionados**

Imaxe 19. Fonte: Páxina web *Polafías*, Sección de *Literatura de Tradición Oral*
 Os blogs gastronómicos en galego e a receita para a actividade

➤ **Actividade 4.** Grolíños de vida



**BOLBORETAS
NO
BANDULLO**

Inicio Receitas Bolboreteando con... Bitácoras de aquí e acolá Artigos Arredor de Bnb

Imaxe 20. Fonte: Blog *Bolboretas no bandullo*



Receitas en galego

Media laranxa

Para comerlas a lingua!

Inicio Receitas Horta urbana Dicionario Nos medios Contacto

Imaxe 21. Fonte: Blog *Media laranxa*



A cociña non deixa de ser un xogo ou un enredo que nos fai gozar tanto da elaboración como de sentarnos cos nosos arredor dunha mesa para partillar momentos únicos.

Así que pon o mandil, que isto non fixo máis que comezar!

Últimas receitas publicadas



Espetos veganos de tofu



Batido de amorodos



Polos de arandos



Torta fría de queixo

Imaxe 22. Fonte: *Blog Media laranxa*

Batido de amorodos

Deixar un comentario / Almorzos e merendas saudábeis, Xeados e batidos / Por medialaranxa

Estes días que vai moitísima calor, un batido refrescante vén de luxo. Así que déixovos aquí a receita para que probedes o batido máis doado e saboroso do mundo.

Ingredientes:

- ◆ 1 presada de amorodos
- ◆ 1 yogur grego
- ◆ 100 ml de bebida vexetal ou leite
- ◆ Azucre (opcional)

Preparación:

1. Trituramos todos os ingredientes con axuda dun batedor, deixamos arrefriar e listo!
2. Bo proveito!



Imaxe 23. Fonte: *Blog Media laranxa*

➤ **Actividade 5.** Feira de oficios

Actividades que se poden realizar no Museo co alumnado de E. Infantil

COSCOBELLOS AO CESTO!

Actividade Presencial Autónoma. Ofertada durante todo o curso.

Un xogo que quere achegar aos e ás máis pequenas ao mundo simbólico galego. Para isto escollemos ao "coscobello", un personaxe moi escorregadizo, tanto que para atrapalo precisaremos de moito tino e uns cantos trucos que aprenderedes polo Museo.

- O material desta actividade está en liña e o profesorado, que é quen dirixe a actividade, pode traballar con el e adaptalo ao seu alumnado coa axuda, se é precisa, do departamento de educación do Museo.
- **Solicitude:** a través do DEAC con antelación e con confirmación do Departamento.
- **Dirixida a alumnado de 4º de infantil a 1º de primaria.**
- **Temporalización aproximada:** 50 minutos.
- **Prezo:** de balde.



Imaxe 24. *Fonte: Programa Escolar do Museo do Pobo Galego* Obxectos que están expostos no Museo



Imaxes 25 e 26. *Fonte: Museo do Pobo Galego*

➤ **Actividade 6.** Moita vida nas Fragas.

Algunhas tarxetas para coñecer a fauna e flora das Fragas

O RAPOSO



Imaxe 27. *Fonte: Elaboración propia e Google fotos*

O CARBALLO



Imaxe 28. Fonte: *Elaboración propia e Google fotos*

Vistas dende o Mirador da Carbueira



Imaxe 29. Fonte: *elaboración propia*

Exemplo da guía que levará o alumnado durante a andaina

QUE VIMOS DURANTE A ANDAINA?



RAPOSO SI NON



CARBALLO SI NON



XABARIL SI NON

Imaxe 30. *Fonte: Elaboración propia e Google fotos*

➤ **Actividade 7.** Augas doces e pan quente.

Imaxe dun muíño tradicional galego



Imaxe 31. *Fonte: Google fotos*


Aerogeradores dende o Mirador Pico de Vales



Imaxe 32. Fonte: elaboración propia

➤ **Actividade 8.** Versos e vínculos

Instrumentos tradicionais galegos



Imaxe 34. Fonte: Google fotos



Imaxe 35. *Fonte: Google fotos*



Imaxe 36. *Fonte: Google fotos*

- **Actividade 9.** A pé de campo
Exemplos e materiais das actividades



Imaxe 37. *Fonte: Google fotos*



Imaxe 38. *Fonte: Google fotos*



Imaxe 39. *Fonte: Google fotos*



Imaxe 40. *Fonte: Google fotos*



Imaxe 41. *Fonte: Google fotos*

CIRCUITO DE PSICOMOTRICIDADE A PÉ DE CAMPO



Imaxe 42. Fonte: *Elaboración propia*